

sarria

A vila acolle un amplo programa cultural durante o mes de novembro. **Páx. 5**

láncara

Yolanda Díaz é a premiada do XXII Premio Ramón Piñeiro Facer País. **Páx. 17**

paradela

O libro 'Los zapatos del lobo' de Sonia Arias traducíuse ao inglés. **Páx. 18**

samos

O municipio contará con puntos con códigos QR para difundir a historia. **Páx. 19**

o páramo

O BNG denuncia a situación de "desleixo" e "abandono" na que se atopa o Concello. **Páx. 20**

Tensión na corporación

O peche do matadoiro e a necesidade de melloras no Concello levou a que os tres partidos da oposición levaran a pleno varias mocións



Un artigo analiza a relación entre Láncara e Cuba

O concelleiro Pablo Rivera Capón presentará un artigo científico onde analiza a unión. **Páx. 16**

A Deputación presenta o seu orzamento

O presidente Tomé asegura que este ano crecerá ata os 130 millóns de euros, un 12 % máis. **Páx. 21**

Asociación de Anticuarios



A Asociación de Anticuarios e Restauradores San Lázaro xurdiu en 1998. **Páx. 4**

Naila González



A escritora de poesía sarriá fala da súa paixón e da liberdade que lle dá. **Páx. 7**

Rebuldeira Teatro



Rebuldeira Teatro promove a Mostra de Teatro Iván Tourón Morais. **Páx. 8**

Fanse 25 anos do inicio do Club Xirandela

Mónica Fernández, adestradora e promotora da entidade, pon en valor a rítmica. **Páx. 23**

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsil.com

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

O PP propón un plan de dinamización para a Praza de Abastos



O PP de Sarria propón a elaboración dun plan de dinamización integral para o aproveitamento da praza de abastos que leva semanas pechada “ante a pasividade do goberno municipal”. Os populares instarán ao goberno local no pleno a elaborar este plan no que se inclúan programas de promoción, mellora da infraestrutura e modernización das instalacións co fin de adecualas ás necesidades de novos comerciantes e usuarios.

Os concelleiros cren que “este plan debe contemplar a participación activa dos comerciantes e outros actores locais” e incluír “o establecemento dun sistema de seguimento e avaliación para medir a efectividade das accións implementadas, asegurando así unha mellora continua e a adaptación do plan ás necesidades cambiantes dos comerciantes e usuarios”.

A praza de abastos de Sarria foi historicamente un punto de actividade comercial, pero “nos últimos anos veu sufrindo unha diminución na actividade que se traduce nunha perda de afluencia de visitantes

e de comerciantes ata chegar á situación actual na que non parece que exista preocupación nin planificación por parte do goberno municipal para garantir a súa continuidade”, segundo lamenta a portavoz, Carmen José López.

“É necesario adoptar medidas para revitalizar este servizo e facelo máis atractivo, tanto para posibles praxeiros como para visitantes. A dinamización deste espazo, nunha das rúas máis transitadas da vila, non só pode contribuír ao desenvolvemento de pequenos produtores e emprendedores, senón tamén a favorecer a economía local e promover o encontro e cohesión social entre os veciños”, segundo defende a popular.

López sinala que “é esencial potenciar este espazo a través de accións innovadoras que integren a oferta tradicional e novas actividades culturais e gastronómicas, melloras na infraestrutura e o fomento da oferta comercial, así como a adecuación do espazo aos novos hábitos de consumo”.

O BNG pide que se aumenten os horarios da piscina municipal

O BNG de Sarria presentou unha moción no pleno, que foi aprobada, na que pediu ao Goberno municipal que aumente os horarios de apertura da piscina climatizada de Sarria. Así, explican que lles chegaron queixas de diferentes usuarios debido á “masificación que está a sufrir a piscina municipal e que lles está a dificultar a normal práctica na natación, como viñan facendo ata agora”. Este aumento de usuarios débese en boa parte ao peche temporal da piscina climatizada de Monforte, e aínda que o grupo municipal do BNG non ten datos oficiais, algunhas fontes, din, sitúan o crecemento en máis de 300 usuarios, “o que claramente



fai que sexa necesario un aumento de horarios para que todos poidan desfrutar desta instalación en optimas condicións”. Efrén Castro, portavoz municipal do BNG, declarou que “agardamos que o goberno municipal teña a suficiente cintura como para adaptar a instalación a

unha situación puntual que se esta a producir polas obras na piscina de Monforte”, e rematou dicindo que “esperamos que se aumente o horario de apertura cando menos mentres dure o peche da de Monforte para que todos poidamos desfrutar desta instalación con normalidade”.

O PSOE esixe que a Torre da Fortaleza volva ser do Concello

O PSOE de Sarria presentou unha moción no pleno na que esixiu que a Torre da Fortaleza volva ser de dominio público, pero non foi aprobada pola abstención do PP e os votos en contra de Camiña Sarria. Así, instaron ao Goberno local a que faga unha consulta á Dirección de Patrimonio Cultural para determinar se se comunicou a compra tres meses antes de facela efectiva. De non ser así, din, a Xunta podería exercer o dereito de retracto e adquirir o monumento para que fora público para os sarriaos, amparándose na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.



Ademais, pediron que se determinen os niveis de protección da torre e de todos os elementos que forman parte dela, e se informe de calquera iniciativa para a transformación da contorna e que se faga o necesario

para preservala. Destacan que este é un Ben de Interese Cultural e unha construción emblemática, polo que temen que se poida “danar de xeito irrepairable a súa contorna”.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

Goberno local e oposición enfróntanse polo matadoiro

Os tres partidos da oposición de Sarria, BNG, PSOE e PP, denuncian a situación na que derivou o servizo do matadoiro municipal pola “inacción” ou “mala xestión” do Goberno local.

DENUNCIAS DO BNG. Os nacionalistas presentaron unha moción no pleno instando ao Goberno de Camiña Sarria a que reabra o matadoiro de forma inmediata que foi aprobada por todos os partidos da oposición. “O Goberno enganou aos veciños, pois o seu relato oficial era que o peche do matadoiro era temporal, para pechalo e cun anuncio da posibilidade de que caía en mans privadas”, feitos que cualificaron como “moi graves”. Ademais, o portavoz, Efrén Castro, mostrouse moi preocupado pola situación na que “a incapacidade do alcalde deixa ao sector cárnico de Sarria”. E valorou o momento no que se fai este anuncio, xa que “pechar o matadoiro neste época é dobremente grave, xa que non só afecta aos profesionais do sector, senón que tamén deixa na estacada a moitos particulares que tiñan planificado facer as súas matanzas no matadoiro municipal”.

Así, “dende o BNG imos poñer todos os nosos medios para que o matadoiro municipal volva funcionar, non imos permitir que as mentiras do alcalde nos deixen sen un servizo esencial”. Por iso, convocaron unha concentración o pasado 22 de outubro diante da Casa do Concello para esixir ao Goberno local que non peche o matadoiro á que

asistiron veciños e profesionais do sector da carne de Sarria. Durante o pleno, Efrén Castro engadiu que “xa sabemos que é complicado xestionar o servizo, pero non pode deixar de apostar por un servizo necesario só por ser complicado, se non, é mellor que non sexa alcalde”.

ESIXENCIAS DO PP. Pola súa parte, o PP de Sarria considerou que

abra o matadoiro de forma inmediata. Iso é o primeiro”, subliñan.

Ademais, instan a levar a cabo as reparacións necesarias de cara a garantir, de forma urxente, o funcionamento do matadoiro nunha época no que este servizo é especialmente necesario, non só para o sector, senón para usuarios particulares”. Tamén, piden a comparecencia da con-



a “deixadez” do Goberno municipal co matadoiro foi “premeditada para abocar ao servizo á parálise actual” e cre que a situación do matadoiro é a “consecuencia directa da decisión de Garrido de desfacerse do deste servizo municipal. Atendendo ao acontecementos dos últimos meses, “resulta evidente que hai unha clara estratexia para rematar con este servizo”, argumentan.

Así, esíxenlle ao Goberno local que “arranxe as avarías e que

celleira responsable do matadoiro, Geni Valcárcel, co fin de que, no próximo pleno ordinario ou extraordinario, “informe sobre a xestión do servizo e responda de forma clara e detallada ás preguntas formuladas polos membros da corporación municipal e defina a planificación e estratexia para garantir a continuidade do servizo”, indican.

Os concelleiros do Partido Popular avogan pola unidade de toda a oposición para evitar que con-

tinúa a situación de peche, “o de Camiña Sarria é un goberno en minoría, se todos os grupos da oposición temos claro que o obxectivo común é a continuidade do matadoiro, a estratexia é clara: sumar as forzas para reverter a situación”.

CRÍTICAS DO PSOE. Finalmente, os do PSOE presentaron unha moción pedindo a dimisión do alcalde pola deriva do servizo do matadoiro, denunciando a “absoluta falta de xestión e responsabilidade” do Goberno local e acusan a Camiña Sarria de “inacción e falta de control”, polo que faltan 175.924 euros en taxas.

este servizo público nun servizo privado e “non parará ata conseguilo”.

CONTESTACIÓN DO GOBERNO LOCAL. Desde o Goberno local inciden en que nunca quixeron pechar o servizo do matadoiro, senón que se propuxo o cambio de xestión, polo que se mantiveron reunións cos profesionais do sector cárnico para informalos sobre a situación económica e técnica do matadoiro, e ofreceron unha solución baseada en que foran eles mesmos, os profesionais do sector, quen asumiran a xestión. Porén, desde o Goberno local din que “non estiveron interesados”. Durante o pleno, Claudio Garrido defendeu que nunca dixo que o matadoiro ía pechar, pero tampouco pode asegurar cando poderá abrir. Di que están valorando “todas as opcións existentes para poder promover a reapertura do matadoiro”, pero lembra que o Concello de Sarria “non pode asumir o custo do servizo”. Así, argumentou que se fixo desde o Concello un estudo económico que deixa claro que “é imposible que o Concello de Sarria xestione o servizo; hai unha falta de viabilidade económica evidente”.

Ademais, o alcalde explica que se reunirá coa conselleira de Medio Rural da Xunta para chegar a algún acordo e que a entidade autónoma poida financiar dalgunha maneira a supervivencia do servizo. Desde Camiña Sarria sosteñen “que é o único matadoiro municipal da zona”, pero que “os concellos non teñen a obriga de ter un matadoiro municipal de xestión pública”. O de Sarria é o único matadoiro municipal que queda en Galicia, o que para a oposición, din, “non é un problema, senón unha oportunidade”. Finalmente, Garrido destacou que fará “todo o posible para volver abrir o matadoiro, pero con outra xestión”.

TU CARDIÓLOGO EN SARRIA

ESPECIALISTA EN HEMODINÁMICA Y
CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA

Rebollal - Leal

CLÍNICA CARDIOLÓGICA

- Valvulopatías
- Insuficiencia Cardíaca
- Arritmias
- Cardiopatías Congénitas

- Cardiopatías Familiares
- Prevención Cardiovascular
- Hipertensión Arterial
- Dolor torácico

Nº Reg. Sanc C-27-001 193

Rúa da Liberdade 111, Entresuelo C. Sarria – Lugo / Tel.. 634 406 084

“O noso labor é conservar e recuperar o patrimonio”

Falamos con Carmen Rodríguez, presidenta da Asociación de Anticuarios e Restauradores San Lázaro que xorde en 1998 e volve de novo en 2023

Pode contarnos cando nace a Asociación?

A Asociación nace en 1998 impulsada polo Instituto de Desenvolvemento Comunitario de Galicia, que levaba a cabo proxectos na ruta xacobeana e, ao seu paso por Sarria, desde o Instituto viron con sorpresa a cantidade de anticuarios que había na vila, polo que se nos propuxo ás persoas que rexentabamos as tendas, impartir un curso ou crear unha cooperativa. Fixemos así o curso, ao que acudiron 15 rapaces e de aí saíu unha cooperativa e, dela, unha asociación. A min pedíronme que asumira o posto de presidenta e ata hoxe. En Sarria había materia prima para formar unha asociación porque temos tendas de anticuarios, xa que hai moita tradición de coleccionar antigüidades e tamén había xente que levaba os seus produtos a feiras, polo que unha asociación podía ser unha iniciativa moi bonita nun pobo pequeno como este, no que hai xente preocupada polo noso patrimonio.

Como evolucionou a asociación?

No momento de crear a asociación, eramos 8 ou 9 anticuarios. Isto seguiu un tempo e logo houbo xente que marchou de Sarria e houbo un parón. Agora, empezamos a pensar que sen a asociación non se fai nada porque para pedir axudas é imposible, pero como colectivo si. Polo que ano pasado unha das persoas dos anticuarios dixo que había que retomala e puxémonos en marcha con dúas persoas novas e seis

que quedamos de antes. En total, somos 6, 4 con tenda e 2 sen tenda pero que teñen os seus produtos en naves e que levan a feiras, así como se implican nas actividades que facemos. Con todo, quixemos recuperar o mercado Quilate, que se celebra o primeiro sábado de cada mes, cuxo impulsor foi Gerardo, que está entre A Coruña e Sarria e intentou que volveramos facelo. Porén, os tempos cambiaron e as antigüi-

“A nivel local somos a única asociación de anticuarios de Galicia.

Por iso, poñemos a Sarria no mapa, sendo referentes no sector e ofrecendo diferentes estilos. A xente chega a Sarria e atopa todo o que busca”

dades tamén, polo que non é tan fácil como antes, porque a xente compra a través de portais en vez de vir aos mercados, pero seguimos enchendo a rúa Porvir, onde están os acuarios.

Cales son os valores que se querren transmitir desde a asociación?

Nós, o que queremos impulsar desde a asociación, é que a xente

saiba que seguimos aí a pesar das situacións económicas e que somos xente seria, que hai segundas xeracións e que veñen os fillos e netos desa xente que colecciona. Queremos conservar o patrimonio, a pesar da xente que di que nos anticuarios nos aproveitamos. Quen vén vender sabe os prezos, e nada é de máis. Nós o que facemos é comprar, restaurar, que é importante darlle unha segunda vida ás pezas, facémoslles tratamentos e mantemos ese patrimonio. É dicir, recuperamos cousas que son nosas e que ás veces están fóra de Galicia e traémolas. Por exemplo, mesas galegas do século XVII, elementos de Sargadelos de 1860... atopámo-lo fóra e recuperámo-lo. Conservamos e recuperamos o patrimonio, poñemos en valor e presentamos eses elementos á xente. É máis, nós na rúa Porvir, onde están os anticuarios, facemos un museo desde as 09.00 ás 20.00 horas, xa que debido ao Camiño Francés, pasa moita xente e moitas veces os peregrinos son apaixonados das antigüidades.

Por que é importante poñer en valor as antigüidades?

A xente di que as antigüidades pasan de moda, pero teñen diferentes compradores, a xente nova busca un estilo máis contemporáneo ou *vintage* e gústalle, buscan coleccionismo de marcas, como CocaCola. As antigüidades non pasan de moda e nós estamos ao loro para saber cales son as tendencias, como o moble dos anos 60.



Sarria é o punto central dos anticuarios en Galicia?

En Galicia existe a Asociación de Anticuarios de Galicia e esa é a máis importante, pero a nivel local penso que somos nos os únicos. Poñemos no mapa a Sarria, somos referentes, e é un campo moi versátil, porque os anticuarios temos diferentes estilos e aquí en Sarria atopa todo tipo de antigüidades. Alguén que veña aquí non ten necesidade de moverse, e incluso hai xente que vén e queda en Sarria durmir porque queren estar na feira de antigüidades.


A feira como adoita ser, para quen non a coñeza?

A verdade é que a xente se sorprende cando vén á feira. Este ano fíxose en maio e choveu, pero veu xente de toda Galicia e de fóra que se sorprende con todo o que había. Acudimos a algunhas feiras e, modestia aparte, que bos somos; porque temos tanto... Sempre estamos en plan humilde, pero temos unhas tendas cheas de cousas que están xenial. Este ano, ademais, coincidiron tres eventos: a feira de antigüidades, o Rally de Regularidad Vila de Sarria do Club Clásicos e a carreira Pre-torian Race, o que foi un acerto, porque se achegaron persoas de

moi diverso tipo. Polo que o ano que vén apostaremos por manter a feira coincidindo con estes eventos e sumar novas iniciativas para promover unha maior presenza do público interesado. O Concello sempre apoiou a feira, a pesar de non estar en activo a asociación e encargouse de organizala, agora queremos volver a facelo nós.

Que máis actividades se realizan no marco da asociación?

Isto ten moitas posibilidades. Ademais de divulgar con folletos de información e historia, acudimos a feiras onde atopamos máis patrimonio e tamén mostramos o noso. Como actividade novedosa, o ano pasado fixemos unha feira de Nadal que estivo moi ben e esperamos que este ano poidamos facela de novo. Logo, como iniciativa próxima, gustaríanos facer o Camiño de Santiago con rutas de fin de semana, empezando en Triacastela, e que cada sábado de cada mes ir percorrendo un trazo para acabalo a finais de ano en Santiago. Todo isto, dando a coñecer o noso patrimonio ao longo do Camiño. Por outra parte, non faremos formacións porque non dispoñemos de local, pero se o concello nos permite contar cun espazo, con certa autonomía para facer cursos, estaría xenial.



VAMOS A CONSEGUIR TU MEJOR SONRISA

YA ESTAMOS ABIERTOS

PROMOCIÓN DE APERTURA

Venga a que le realicemos una revisión bucal de forma gratuita y estaremos encantados de darle nuestra valoración.

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.



CLÍNICA OBRADOIRO DENTAL

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218

Diversa Infantil ofrece actividades para promover a inclusión

A Plataforma Diversa Infantil da Comarca de Sarria ofrece dúas actividades para este curso 2024/2025 a centros educativos, Asociacións de Nais e Pais (ANPAS), servizos de atención temperá (SATs), centros de terapias infantís, asociacións, centros culturais, concellos, etc., da Comarca de Sarria. A primeira actividade é o préstamo do xogo colaborativo 'Cidades accesibles', co que se traballan conceptos sobre discapacidade, accesibilidade e barreiras sociais, arquitectónicas e comunicativas. Este está recomendado para alumnado de Educación Primaria e primeiros cursos de Educación Secundaria. Así, informan de que hai unhas semanas Diversa Infantil colaborou co



IES Xograr Afonso Gómez de Sarria, onde o alumnado puido probar o xogo e pasar a formar parte do movemento #aulasdiversas. Por outro lado, a segunda actividade consiste no contacontos co libro 'Pedro, o piloto de gaivotas', do es-

critor Manuel Darriba, que tamén forma parte da plataforma. Darriba falará de diversidade funcional e inclusión a través do seu álbum infantil ilustrado. Esta iniciativa está recomendada para alumnado de Educación Infantil e Primaria.

Sarria acolle un amplo programa cultural durante novembro

O Concello de Sarria informa da axenda cultural da vila durante o mes de novembro, que comezou o 31 de outubro co cine infantil polo Samaín e o venres 1 coa sesión de contacontos. Xa o día 9, terá lugar o Festival San Martiño e Louseiro e o día 10 terá lugar a representación teatral 'Asesinato en Brooke Manor' de Falca-trueiros de Monterroso. Os días 11 e 12 a Casa da Cultura acollerá a exposición de cogomelos realizada nas Xornadas Micolóxicas da Asociación A Muiñeira e o día 15 presentárase o libro 'Guía micolóxica básica da provincia de Lugo', tamén na Casa da Cultura. Pola súa parte, o día 17 rematará



o ciclo teatral Fegateia coa obra de Rebuldeira Teatro, 'Os vellos non deben namorarse'. O 23 de novembro terá lugar o concerto de Santa Cecilia na Igrexa do Rosario ás 20.00 horas e o día 24 haberá un obradoiro de Arte Colaborativa 25N ás 17.00 horas, mentres que ás

20.00 horas terá lugar a proxección do filme 'Madame Curie'. Finalmente, o día 30 de novembro a Casa da Cultura acollerá a proxección 'Los mundos de Coraline' e o 1 de decembro volverá o teatro coa representación de 'A pousada do tru-tru' de Desfeita Teatro.

O mago Xulio Merino protagonizará unha nova iniciativa máxica na vila



O mago Roberto Lolo de Sarria anuncia que o vindeiro 16 de novembro o Adarve de Sarria volverá acoller unha iniciativa máxica para todas as persoas de Sarria e de fóra que queiran desfrutar da ilusión. Desta maneira, haberá dous espectáculos, un infantil ás 18.30 horas, e outro para adultos ás 22.30 horas exclusivo para 60 persoas na parte traseira do local, polo que informa

de que será necesario reservar a través do número 663 340 067. Nesta ocasión, contarase con Xulio Merino, un mago galego recoñecido polo seu talento e creatividade no mundo da maxia e do ilusionismo. A súa maxia combina trucos sorprendentes con narracións que captan a atención do espectador, ofrecendo un espectáculo cheo de misterio e entretemento.

A Asociación Sarricanta organiza dous cursos para a cidadanía sarriá

A Asociación Sarricanta pon en marcha, como todos os anos, algún cursos da man do Concello de Sarria para ofrecer á cidadanía sarriá e que poidan desfrutar de actividades artísticas, ademais de poder formar parte do coro. Así, todos os mércores terá lugar un curso de pintura ao óleo

impartido por Marisol Vázquez en horario de 20.30 a 22.30 horas no centro Breogáns. Pola súa parte, todos os xoves impartirase un curso de talla en madeira e iniciación á orfebrería no que o guía será José Luis Morales. O horario será de 20.00 a 22.00 horas e terá lugar na Feculera.



AUDÍFONOS SIEMENS
DISCRETOS, VERSÁTILES, CON PILAS O RECARGABLES

Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398



Signia



OFRECEMOS LA REHABILITACIÓN AUDITIVA QUE MEJOR SE AJUSTA A TUS NECESIDADES

PRUEBA DE AUDÍFONOS SIN COMPROMISO DE COMPRA
PIDE TU CITA EN: 982 531 191 / 669 548 976

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com



LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO
isabelimpiezas@gmail.com

Os Gorriós organiza o San Martiño Caníbal



A Asociación Os Gorriós de Louseiro organiza o San Martiño Caníbal o vindeiro sábado, 9 de novembro, no campo da festa da parroquia sarriá. Coa colaboración da Deputación de Lugo, o Concello de Sarria, a ACDE O Buriel e Moncho Moda, todo comezará coa sesión vermú da man

de Mekanika Rolling Band, seguido do xantar popular. Xa pola tarde, ás 18.00 horas, terá lugar a animación infantil con Brais das Hortas co seu 'Consertasso na Horta' e a partir das 20.00 horas será a verbena con Teresiña, Baixo Zero, Manu Kasoa-partre, Nuit Bleue e Skanderani.

Os organizadores do Esmorga Fest dixeron que foi todo "un éxito"

Sarria acolleu o Festival Esmorga Fest, ao que acudiron centos de persoas a pesar do mal tempo do sábado, polo que os organizadores sostiveron que esta edición foi "un éxito".

Así, o evento, que tivo lugar os días 25 e 26 de outubro, comezou o venres na sala Litmar cos grupos Atención Tsunami, Ezpalak, Mourn, Nudozurdo, Cora Yako, Los Manises e Schulz DJ; mentres que o sábado, ademais da sala Litmar, houbo actuacións na Sociedad Cultural La Unión da man de Carmela, Tristán DJ, Terror Erótico, Terrae DJs y Músculo. Xa pola tarde, na Litmar, foi a quenda de El Chico López, Bernal, Ghostwoman,



Triángulo de Amor Bizarro, Perro, Maquina, Sutan e Jor Ginho. Os sarriaos, sarriás e demais persoas que se achegaron a Sarria para disfrutar do evento

puideron disfrutar da música 'underground' cun moi bo ambiente e os organizadores xa están pensando na edición do ano que vén.

A Asociación A Muiñeira organiza as súas tradicionais Xornadas de Micoloxía

A Asociación A Muiñeira de Sarria organiza no mes de novembro as súas xornadas micolóxicas co fin de promover diversas actividades arredor do mundo da micoloxía. Desta maneira, a primeira delas será o vindeiro 8 de novembro ás 20.00 horas na Casa da Cultura. Esta será unha charla coloquio de introdución á micoloxía que impartirá o presidente da asociación, José Folgueiras, e Miguel Raposo. Pola súa parte, o sábado 9 terá lugar unha excursión en bosques de frondosas do Val do Mao, no Concello do Incio, dirixida por Miguel Raposo. Nesta ocasión, as persoas participantes identificarán e recollerán cogomelos a partir das 9.30 horas, parando para comer no



campo. Xa o día 10, domingo, haberá outra saída para recoller cogomelos nos piñeirais de Santalla de Arxemil, en Sarria, neste caso guiada por José Folgueiras a partir das 9.30 horas e cunha comida nun

restaurante de Oural. Con todo, na tarde do domingo comezara a montar a exposición micolóxica no baixo da Casa da Cultura, que estará aberta para o público os días 11 e 12 de novembro.

Hospitaleros sin Fronteras escolarizou a 44 nenos talibé



Hospitaleros sin Fronteras, a ONG sarriá, vén de informar de que se conseguiu escolarizar a 44 nenos talibé das dúas daaras coas que colaboran en Senegal. Así, veñen de entregarlles material escolar para que poidan comezar o curso, xa que para algún deles será a primeira vez

na escola. Porén, destacan que seguirán traballando para que o ano que vén poidan sumar moitos máis alumnos o vindeiro ano coa axuda dos socios e coas accións que fomentan, como o desenvolvemento dos mercados solidarios que se realizan en Sarria.

OSCAR
ALQUILER DE COCHES

Alquiler de Vehículos en Sarria

951 12 93 33

OSCAR.ES



VEHÍCULOS INDUSTRIALES



DESDE **36€** /DÍA

TURISMOS



DESDE **30€** /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS



DESDE **90€** /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

NOPER CAR

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

“Para min, a poesía é unha catarse, unha liberación”

Naila González presentou na Casa da Cultura de Sarria o seu poemario co nome (De)catarse, despois de gañar o Premio Francisco Añón de poesía

A escritora, que estuda Tradución e Interpretación na Universidade de Vigo, sostén que a súa paixón pola escritura vén dende ben pequena: “A verdade é que sempre me encantou que me lesen contos e ler, e cando aprendín a escribir, empecei escribindo contos. Tardei un pouco en interesarme pola poesía, pero cara aos 16 ou 17 anos empecei a ler poesía contemporánea e comecei a escribir poesía. Así, presentábame a certames no Instituto Xograr Afonso Gómez de Sarria ou noutros”, explica. Porén, nunca escribira un poemario, é dicir, un conxunto de poemas en conxunto. Naila di que foi un proceso “natural”, no que foi escribindo “sobre o que se me ía ocorrendo. Eran poemas sobre os meus recordos de cando era pequena, dos meus sentimentos máis profundos e momentos vividos en familia que derivaron no título (De)catarse, que é un xogo de palabras no que expoño que eu sinto a poesía como unha catarse, unha liberación; mentres que tamén creo que ‘decatarse’ é como hai que vivir, sendo moi conscientes do que sucede ao noso redor e tamén dentro de nós mesmos”, afonda a escritora.

Así, explica que este poemario é un conxunto de poemas intimistas sen unha liña argumental, co que decidiu presentarse ao Premio Francisco Añón de poesía que outorgaba un recoñecemento de diñeiro en metálico e a publicación da creación poética,



que se produciu en maio deste ano 2024. Así, conseguiu gañar, aínda que ela non contaba con tal acontecemento: “De verdade que eu non contaba con gañar, porque ás veces presentas as cousas e logo esquecete de que o presentaches. Cando me chamaron, non mo cría. O mellor de todo foi que se cumpríu o meu soño, que era publicar un poemario. Era algo que sempre quixen e facíame moita ilusión. Estiven como unha pequena cando me mandaban da editorial as maquetas, foi un proceso duns meses que vivín con moita ilusión”, expresa.

SARRIA, FONTE DE INSPIRACIÓN. Por outra banda, di que Sarria é unha fonte de inspiración porque “é onde vivín desde sempre, onde se desenvolveu a

miña vida, onde teño as miñas amizades”. Ademais, destaca, “é unha vila da que non te consigues desprender nunca, xa que hai un sentimento moi forte de pertenza e de comunidade, e é moi importante sentir que pertences a un lugar”.

Tamén destaca que este ano gañou outro certame coa súa obra ‘La anarquía de los párpados’, concretamente, o Premio de Poesía Acouga Casa dos Poetas de Celanova e está a espera da publicación.

E, con respecto aos proxectos futuros, Naila sostén que seguirá escribindo, compatibilizando os poemas coa súa profesión no mundo da tradución literaria, que é a onde se quere orientar. Para ela, transmitir sentimentos “son as cousas que nos fan humanos”.

O CAPD celebrou os seus 30 anos en Sarria



O Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Sarria vén de celebrar os seus 30 anos, momento no que o delegado territorial da Xunta, Javier Arias, felicitou ao conxunto dos traballadores por implicarse día a día para prestar a mellor atención aos usuarios. Arias participou na xornada de convivencia xunto co director, Luis Pardo, os residentes e as familias.

O programa incluíu a gala musical ‘Ti si que vales’, con actuacións dos propios usuarios; o espectáculo do mago Roberto Lolo; animación a cargo dun Dj e unha exhibición de fotografías das actividades e excursións realizadas durante todo o ano. Tamén hai unha mostra permanente de traballos elaborados polos residentes. Así mesmo, o delegado visitou unha exposición de Hospitaleiros sen Fronteiras.

O CAPD de Sarria, dependente da Consellería de Política Social e Igualdade, conta con 182 profesionais e 120 prazas. Presta un servizo integral, dende os cuidados básicos ata atención

sanitaria, fisioterapia, terapia ocupacional e formación nas súas aulas e talleres.

Entre as últimas melloras implantadas, destaca a aposta pola introdución das novas tecnoloxías nas aulas, coa incorporación de encerados dixitais, *tablets*, gafas de realidade virtual e outro equipamento tecnolóxico que brinda moitas posibilidades aos usuarios para potenciar as súas habilidades. Así mesmo, neste momento estanse a executar obras de reforma en baños e almacéns, no marco das actuacións que realiza periodicamente a Consellería para actualizar e modernizar as instalacións.

O mago Roberto Lolo xa actuará no CAPD en abril deste ano cun espectáculo de maxia, un evento que definiu como “actuacións de moito sentimento e moi emotivas que te fan sentir cheo o corazón”. Por iso, o artista sarriao agradeceu a confianza da entidade para contar con el unha vez máis e nun evento como a celebración dos 30 anos desde que se puxo en marcha.

**PERMUY
GESTIÓN**

CORREDURÍA DE SEGUROS

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de noviembre!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

982 53 01 47
982 53 50 63
610 221 677

Rúa da Liberdade, 86 27600 SARRIA (Lugo)

“Necesitamos un Auditorio para acoller ao noso público”

Falamos con Rocío Magalí Peccatiello Rey, vogal e presidenta da asociación Rebuldeira Teatro de Sarria, promotora de diversas iniciativas culturais na vila

Rebuldeira Teatro de Sarria vén de poñer en marcha o ciclo de teatro Fegatea despois de celebrar a terceira edición da Mostra Iván Tourón Morais. “A mostra é unha homenaxe ao noso compañeiro Iván. En 2022 decidimos organizala, polo que este é o terceiro ano que se fai, e a verdade é que este ano arriscamos moito traendo as propostas que trouxemos. Das 5 actuacións, tres foron diferentes a anos anteriores, non foi o típico teatro, senón que foi diferente. Por exemplo, veu un grupo con diversidade funcional e tivo moitísimo éxito, e trouxemos outra peza que falaba de violencia de xénero. É dicir, non é comedia sen máis, intentamos crear unha mente máis aberta no tema do teatro para que a xente poida dicir se lle gusta ou non, xa que se o ven, poden opinar”, explica. “Estamos creando conciencia teatral e fidelidade para a cultura do teatro, xa que a xente en Sarria xa sabe que a partir de setembro e ata decembro incluído, todos os domingos ás 20.00 horas teñen unha cita na Casa da Cultura e vemos que á xente lle gusta moito este mundo arredor do teatro”, destaca.

Así, valora a evolución do grupo teatral desde a súa creación en 2011 como algo “moi positivo, xa que cada vez que actuamos, enchemos a Casa da Cultura”. E lembra antes eran 17 persoas, porque había unha aula de teatro municipal en Sarria creada como unha actividade do Concello, e da que naceu despois a asociación Rebuldeira Teatro. “Como había certames aos que non se podían presentar, decidiron crear a asociación e durante a pandemia da

Covid trunouse a aula de teatro e só quedamos nós como asociación, que ademais o tivemos difícil para subsistir”, explica. Agora hai nove persoas que “están completamente comprometidas”. A presidenta argumenta que “é mellor ter poucas persoas pero que están ao 100 %, xa que o teatro é unha actividade que esixe moito compromiso e non hai substitutos, se falta unha persoa, temos que cancelar a actuación. Polo que hai menos xente, pero funcionamos mellor porque hai implicación total”, sostén.

Por iso, no ciclo de teatro Fegatea que se desenvolveu desde o 27 de outubro e segue ata o 17 de novembro, están vendo tamén unha moi boa acollida por parte da veciñanza de Sarria, aínda que “non arriscamos tanto como na Mostra de Teatro Iván Tourón Morais”, explica Rocío. “Todos os anos intentamos traer un grupo de cada provincia de Galicia e este ano non o conseguimos, porque nos faltou Ourense, pero compensamos con outros grupos”, explica.

AS NECESIDADES DA ASOCIACIÓN.

Por outra banda, Rocío Magalí recoñece que o labor na asociación é “duro” e que ten “moita esixencia”. “Eu levo de presidenta estes últimos tres anos e hai moita burocracia, é complicado porque hai moita xestión, hai que falar cos grupos, organizar a onde imos, preparar todo para os que veñen, falar cos concellos... e sempre buscamos mellorar no grupo”, comparte.

Así, di que agradecen a axuda por parte do Concello de Sarria porque “nos deixa o local de ensaio na Casa

da Cultura e un local na Feculera para gardar o atrezzo e a escenografía; así como tamén colabora nas actividades que facemos, como na Mostra e no ciclo Fegatea. Por outra parte, reciben unha aportación económica por cada representación que fan nos diferentes concellos e solicitan as axudas do apartado de Cultura da Deputación de Lugo para poder facer fronte a traer a Sarria a grupos profesionais de teatro e pagar a escenografía, o técnico de son e o de luces, e ao profesor de teatro durante todo o ano, xa que non contan con subvencións nin cotas de socios.

Con todo, a presidenta de Rebuldeira Teatro defende que terán que buscar outro lugar para gardar a escenografía que teñen agora na Feculera, pero sobre todo demanda un auditorio. E prosigue: “Agora temos tantas persoas que con 120 butacas queda o espazo xusto”. Hai xente que queda de pé ao fondo ou nos laterais e tampouco é un sitio habilitado para persoas con diversidade funcional, como persoas en cadeira de rodas, xa que a pesar de poder acceder á Casa da Cultura, non hai espazo para que vexan a actuación, teñen que quedar atrás ou cortando o paso aos demais”, razoa. Estas medidas son necesarias, para Rebuldeira Teatro, porque “o teatro é parte da cultura, como é a música, o cine ou a danza, é dicir, é unha parte máis e é súper importante en xeral pero tamén para Sarria, por iso hai que manter viva a asociación e as iniciativas que fomentamos”, subliña. “A xente de Sarria ten que ir ao teatro”.



ÉXITOS E PROXECTOS FUTUROS.

Xustamente, a presidenta de Rebuldeira Teatro pon en valor o esforzo que fixeron para que despois da pandemia o grupo de teatro seguira adiante porque “o teatro permite que teñas un momento no te desfás das túas preocupacións do día a día e dentro desas catro paredes estás entretido e focalizado niso, e esqueceste do que che pasa na vida. Ademais, aquí estas vendo algo en directo e temos fallos e é gracioso tamén. Iso é que queremos transmitir: desconexión, ledicia, risas, e tamén fomentar a cultura, xa que as obras que representamos forman parte da literatura galega, como Os vellos non deben namorarse de Castelao.

Nesta obra, actúan David Iglesias, David Neira, Chus Tosar, Elvira Pallares, María Varela, Mila López, Mila Núñez, Vicky Pérez e Rocío Magalí Peccatiello, que son as persoas que conforman a asociación. “O noso éxito é que todas e cada unha das persoas que forman parte da asociación está completamente implicada e decidimos todos xuntos as datas das actuacións. Somos unha piña, máis ca unha familia. Somos como as patas dunha cadeira, se falta un, caémonos todos. E con respecto aos papeis que representamos, non hai papeis grandes

ou pequenos, todos somos importantes”, mantén.

Con respecto aos proxectos de futuro, a presidenta sostén que seguirán organizando a Mostra e o ciclo Fegatea, e manter “todo o que facemos, que está moi instaurado”. Como grupo, explica que lles gustaría facer “outro tipo de teatro, como teatro de bares ou cousas diferentes para seguir fomentando un teatro enriquecedor e buscando propostas”. Pero, sobre todo, indica que lles gustaría recuperar o teatro infantil que se perdeu na pandemia ao desaparecer a aula de teatro.

“Son os nosos deberes pendentes porque son moitísimos nenos os que veñen ver a Mostra de teatro os venres e enchen a Casa da Cultura e, ademais, necesitamos canteira. Pouco a pouco facémonos maiores e haberá xente que teña problemas para continuar, polo que queremos ter quen nos siga”. Así, conclúe, para facer saber aos sarriaos os beneficios do teatro, que “é unha actividade completa, xa que les, fas exercicio, aprendes a falar en público, a proxectar a voz, socializas, coñeces xente, compartes tempo con xente e acabas formando unha familia”, pon en valor Rocío Magalí.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

982 533 165
646 599 185
Crrta. Comarcal 546, km 21 Sarria



SARRIA, unha comarca con sabor



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO

Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

**A Pulperia
Do Luis**



**Mesón
Do Castro**



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Telf. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Casa de Aia Padron



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Además todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL: 639 010 696

“O noso obxectivo é facer plans de tratamento personalizados”

Falamos con Iria Gasamáns, directora médica e xerente da Clínica Dental Obradoiro que acaba de abrir recentemente en Sarria

Como xurdiu a idea de poñer en marcha este negocio?

A idea de ter unha clínica propia xorde na maior parte dos odontólogos unha vez que se ten certa bagaxe profesional. No meu caso, son directora médica con rexistro sanitario C-27-001438 e tiven ganas de asentarme nun único espazo de traballo e coordinar os plans de tratamento dende un punto de vista multidisciplinar poñendo en práctica toda a formación obtida ata o momento foron os detonantes principais. Este é un proxecto longo, levoume tempo materializalo.

Como foi a xornada de portas abertas que organizaron en outubro?

Á xornada de portas abertas acudiron moitos amigos e persoas próximas, así como veciños e veciñas da vila. A idea era dar

a coñecer as instalacións e servizos, pois o baixo sufriu un gran cambio coa reforma e moita xente lembraba como estaba hai moitos anos. Tamén queríamos indicar que se aproximaba o comezo da actividade. Penso que a acollida foi boa, polo menos as sensacións foron positivas.

Que servizos se ofrecen?

A nosa idea é ofrecer a realización dunha odontoloxía multidisciplinar, abarcando tódalas especialidades. Comezando pola prevención e seguindo pola odontoloxía conservadora, a odontopediatría, endodoncia, estética dental, prótese, implantoloxía e cirurxía oral e ortodoncia. Para ofertar isto, contamos cun equipo de 4 profesionais, que cubre tódalas especialidades mencionadas.

Onde se atopa e que horario teñen?


A clínica está situada na rúa Pedro Saco 37 baixo. E ten un horario de atención ao público de 10 a 14 e de 16 a 20 de luns a venres.

Como é a comunicación co cliente?

O noso obxectivo é facer plans de tratamento personalizados para cada paciente dende un trato próximo e familiar. Na clínica intentamos facer a experiencia de acudir ao dentista, o máis agradable posible. Fixemos un gran esforzo para que tanto o espazo como o equipo humano teñan como foco principal o benestar do paciente.

Cales son os proxectos de futuro?

Gustaríanos implementar ao 100 % o fluxo dixital na clínica. Hoxe en día trátase dunha ferramenta moi importante tanto no



diagnóstico como na realización de tratamentos. Por outra banda, queremos facer fincapé na interrelación entre saúde oral e deporte. Por iso, colaboramos estreitamente coa Escola de Taekwondo AC Sarria ofrecendo un desconto do 10 % a tódolos alumnos da escola e os seus familiares directos. E non descartamos máis colaboracións con outros clubs e asociacións da vila e da contorna.

Era necesario un establecemento como este en Sarria?

Despois de máis de 6 anos vivindo en Sarria, pareceume un bo lugar no que poder continuar a miña traxectoria profesional e reforzar a oferta existente para os veciños e veciñas da Vila e arredores.

Cales son as novidades do sector?

A clínica conta con dous gabinetes totalmente equipados para a realización dos tratamentos mencionados, así como unha sala onde se fan probas de Radiodiagnóstico. As instalacións permiten a ampliación da oferta, polo que tampouco descartamos que o equipo medre.

É difícil atopar xente para traballar neste ámbito?

O certo é que tiven moita sorte e non me resultou difícil conformar o equipo. Xa tiña contacto con algúns dos colegas, e ademais, en Lugo ofertan o Ciclo Superior de Formación Profesional, que xa completaron varias promocións, o que sempre nutre ao sector de persoal cualificado.







TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052



SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...




MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA
 MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS
 ELECTRODOMÉSTICOS
 REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA
 INTERIORISMO Y DECORACIÓN

VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!

Rúa da Liberdade 88, baixo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335

O IES Xograr Afonso Gómez estreou a exposición 'Galegoza'

O IES Xograr Afonso Gómez de Sarria estreou a exposición 'Galegoza', un programa de Dinamización Lingüística a través das artes posta en marcha pola Deputación de Lugo. A exposición componse de dazaseis roll ups verticais que estarán no centro educativo durante dúas semanas.

Coa música, Galegoza estruturase a partir dunha exposición itinerante que ten por obxectivo facer un percorrido histórico desde os anos 60 do século pasado ata a actualidade arredor da música galega.

A mostra contén códigos QR inseridos en cada panel cunha ligazón directa á lista de reprodución Galegoza para poder escoitar as bandas e solistas que a compoñen.

Do mesmo xeito, a proposta contén unha unidade didáctica elaborada pola escritora Rosalía Fernández Rial, arredor da ex-



posición para facilitarlle o traballo ao profesorado e introducir a nosa música nos proxectos de centro.

Para a inauguración da mostra realizouse unha charla-roteiro con Pepe Cunha, comisario da exposición e director do programa de radio e do portal web Ábrete de orellas, Premio Martín Códax da Música ao mellor

Espazo de Comunicación Musical en 2016 e 2018.

O acto foi introducido por Efrén Castro Caloto, vicepresidente da Deputación de Lugo e portavoz do BNG en Sarria; así como Iria Castro Fernández, deputada de Cultura, José Manuel Valcarce, director do IES Xograr, e o profesorado de Lingua Galega e de Música do centro.

O IES Gregorio Fernández tivo unha xornada de convivencia



O alumnado de 3º da ESO do IES Gregorio Fernández tivo unha xornada de convivencia co alumnado do centro College Paul Eluard procedente de Mur de Bretagne de Francia.

Durante a xornada, fixeron un pequeno festival no noso salón de actos, no que o alumnado sarriao cantou e tocou unhas pezas, mentres que eles canta-

ron dúas cancións máis e leron o capítulo 2 do Principito en castelán.

Ademais, fixeron unha excursión a Pedrafita do Cebreiro, onde percorreron un pequeno anaco do Camiño Francés do Camiño de Santiago.

Esta actividade serviu para fomentar a convivencia entre centros de distintos países.



PIZZERIA PAPPARAZZI
100% ITALIANI

¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar

-25% en la segunda pizza individual

Martes
Familia de Jamón e Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Balac Sarria
Tfno.: 982 012 026

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1º PREMIO
XV CONCURSO DE TAPAS
TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

TAPERIA ¡ ¡ATO

Raciones a medida

Comidas por encargo

COMIDA PARA LLEVAR

AVDA BECERREA 15, SARRIA - 982.047.528



O PP urxe ao Goberno “solucionar a situación da recollida do lixo”



Os concelleiros do PP de Sarria urxen ao goberno de Camiña Sarria “solucionar a situación da recollida do lixo” ante a súa acumulación que agora se intensifica cos problemas postos de manifesto coa recollida do contedor azul, das papeleiras e na proliferación de ratas en distintos puntos.

Os populares xa advertiran da situación e engaden que “vai a peor no entorno dos colexios; motivos polos que veciños, nais e pais de alumnos nos teñen trasladado as súas queixas”.

O Grupo Municipal do Partido Popular vén denunciando a situación do servizo de limpeza e recollida de lixo dende hai tempo e cada vez apréciasse máis nas rúas ante unha “imaxe de descoido, abandono e sucidade”. Incluso, “pode derivar en situacións de insalubridade”.

Así, din que “as rúas non están limpas como deberan, os con-

tedores están moito deles estragados e a pesar diso non se repoñen, a imaxe que traslada Sarria é de sucidade e agora os veciños e veciñas temos que convivir con ratas polas rúas; mentres o alcalde e o goberno miran para o outro lado”, condena a portavoz, Carmen José López.

Carmen José López sinala que “este é un novo caso da pésimaxestión por parte do goberno de Claudio Garrido” que se suma á incapacidade para xestionar o matadoiro municipal, pechado dende hai máis dun mes, ou ao seu empeño por adjudicar contratos millonarios para o deficiente servizo do alumeadado público.

“Estamos ante un Goberno Municipal ineficiente que evita afrontar os problemas e buscar solucións, esta é a enésima mostra dunha pasividade que prexudica seriamente ao municipio”, conclúe López.

Arredor de 500 persoas participaron da Festa dos Maiores

Sarria celebrou a súa XVIII Festa dos Maiores, na que participaron arredor de 500 persoas no pavillón de deportes do Instituto.

A festa comezou o 26 de outubro ás 13.00 horas coa actuación de Peleríños, para logo, ás 14.00 horas ter lugar o xantar. Ás 16.30 horas tivo lugar a homenaxe aos once matrimonios que celebraron as súas vodas de ouro no 2023 e 2024 e ás 17.30 horas tivo lugar o baile con música en directo.

Ademais, Elena Díaz Fernández tamén foi homenaxeada durante este evento, xa que vén de cumprir os seus 100 anos. A sarriá,



recoñecida polo seu labor na Unión xunto á súa familia, recibiu unha placa conmemorativa.

Por outra banda, o Concello sorteou agasallos entre os asisten-

tes cedidos por parte de máis de 60 establecementos sarriaos, que entregaron cestas, vales en restaurantes ou para compras, sesións de fisioterapia ou noites de hotel.

Javier Arias puxo en valor a axuda da Xunta para os obradoiros de emprego

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destina preto de 1 millón de euros a dous obradoiros de emprego promovidos polo Concello de Sarria, que se darán o relevo neste último trimestre do ano. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou as actuacións dos participantes na cuarta edición do obradoiro ‘Sarria, Camiño de Santiago’, que remata en novembro e terá continuidade a partir de decembro.

Así, melloraron o Campo da Feira, substituíndo a cuberta do edificio dos aseos públicos, e repararon as beirarrúas do perímetro da edificación e das escalinatas de acceso aos casetos do polbo. Ademais, arranxaron a varanda de madeira do paseo no Campo do Río, rehabilitaron as



fachadas exteriores dos aseos no Campo da Feira, restauraron a porta principal do Concello, construíron un expositor para información turística e rehabilitaron a carpintería exterior de madeira da antiga prisión provincial. Tamén construíron unha praza pública fronte á entrada do novo

cemiterio municipal, pavimentaron o camiño central e rehabilitaron o edificio de autopsias.

A quinta edición abundará no acondicionamento do Campo da Feira e tamén abordará outros traballos de embelecemento da ruta xacobeaa seu paso polo municipio.

CARPINTERIA METÁLICA

NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

VIMETAL TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camión Francés 43, 27600 Sarria - Lugo
 Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

MARMOLES VILARO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS*
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
 27617 - Sarria (Lugo)
 Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577
 marmolesvilaro@hotmail.com
 www.marmolesvilaro.com

O BNG pídelles á Xunta mellorar as comunicacións no rural de Sarria

A deputada nacionalista Montse Valcárcel reuniuse na parroquia de San Pedro de Froián de Sarria, acompañada por Efrén Castro, portavoz municipal no Concello, con afectados pola desconexión das telecomunicacións no rural. “Varios concellos do rural galego están a sufrir a falta de servizos de telefonía fixa e acceso a internet, afectando especialmente a persoas maiores e máis de 600 usuarios quedaron sen servizo de teléfono fixo e internet na montaña de Lugo, moitos deles dependentes do sistema de teleasistencia”, explican. “Perder o acceso ao teléfono fixo, non é calquera cousa para a xente maior, que igual entenden o fixo mais non se manexan ou non teñen un teléfono móbil, que ademais pode quedar sen cobertura e require unha mellor visión”, explicou Montse Valcárcel. Así, din que a Xunta, dentro dos recursos que lle oferta ás persoas valoradas con algún grao de dependencia, ten o sistema de teleasistencia, que neste caso non funciona. En canto ao servizo con xeolocalización, a Cruz vermella, quen ten concedida a prestación deste servizo, non se pode ofertar nestas zonas porque o dispositivo non funciona



“debido a que a falta de cobertura esgota a batería en moi pouco tempo”. Así, esta desconexión “impide exercer o dereito ao acceso á comunicación, poñendo en risco a vida das persoas, xa que non é posible comunicarse con ningún dos números de emerxencias, 112, 061, teleasistencia para persoas dependentes, etc. As explotacións agrarias teñen que realizar procesos por vía dixital, e os trámites coa Administración fanse vía dixital”, denuncia a deputada nacionalista. A situación débese a que as compañías de telecomunicacións, e en especial Telefónica, están levando a cabo un fechamento progresivo das súas centrais de cobre (ADSL), un proceso que se desenvolve nun contexto no que moitos núcleos do

rural galego aínda non teñen acceso á fibra óptica.

Nestas zonas, só ten cobertura a compañía Movistar, xa que recibiu fondos públicos para dar cobertura a estas zonas. Desde o BNG din que Movistar xustifica esta problemática argumentando que se trata dun cambio tecnolóxico de 2G a 4G. Porén, as persoas afectadas denuncian que a atención recibida limitase a respostas xenéricas de máquinas e contestadores, sen que se lles ofrezca unha solución concreta.

“A Xunta de Galicia debe adoptar medidas contra esta desconexión do rural, sobre todo tendo en conta a desatención na que quedan as persoas usuarias do servizo de Teleasistencia”, concluíu Montse Valcárcel.

Camiña Sarria propón instalar placas solares



Camiña Sarria propuxo unha iniciativa para instalar placas fotovoltaicas en sete edificios de Sarria e da parroquia de Oural, co que terá que aprobarse primeiro a concesión administrativa de uso das cubertas dos inmobles onde se queren instalar ditas placas. Desta maneira, a localización das placas será no pavillón Novo e no de Oural, no matadoiro, na piscina climatizada, no estadio da Ribela, no colexio Frei Luis de Granada e na nave do campo da feira, que ademais será obxecto de reformas ao ser cambiada a súa cuberta. Ademais, Camiña Sarria levou a pleno unha moción para instar á Deputación de Lugo a mellorar as estradas de titularidade provincial que pasan por Sarria, aprobada por unanimidade.

Por outra banda, tamén levaron a pleno unha moción para que todos os días estea operativo o parque de bombeiros de Sarria e que, se hai algún día que teña que pechar, que se informe dos motivos e que se comuniquen os cambios. Finalmente, desde o partido que goberna aprobaron a pleno dúas modificacións de crédito: unha de 47.000 euros para poder adquirir un tractor e un remolque co fin de acometer traballos necesarios no municipio; e outra de 103.000 euros para xestionar a herdanza de Manuel Sobrado, para reparar a caldeira avariada do matadoiro e para material e o pago dos tribunais dos procesos selectivos realizados no proceso de estabilización de emprego do Concello de Sarria.

PRÓXIMA APERTURA

GT

GESTIÓN INMOBILIARIA

¡Tu nueva consultoría inmobiliaria digital en Sarria!

Venta especializada en internet y redes sociales

¿Tienes un proyecto? Deja que te asesoremos

Promoción de propiedades en el extranjero

Gestión con atención personalizada

Tel.: 673 142 197

COMARCA

Galicia activa o Plan Invernal de Estradas



Galicia pon en marcha o seu Plan Invernal de Estradas, que estará operativo ata o 30 de abril de 2025 para afrontar o período máis frío do ano e asegurar a mobilidade en toda a rede de estradas de titularidade estatal na comunidade. Con este plan, a Delegación do Goberno en Galicia busca responder con eficacia ás condicións meteorolóxicas adversas, especialmente á neve e o xeo, protexendo así a seguridade de condutores e usuarios en máis de 2.500 quilómetros de vías.

O dispositivo conta con 104 máquinas quitaneves, máis de 19.000 toneladas de sal e case 3,3 millóns de litros de salmoira, preparados para manter as estradas transitables e minimizar os riscos de accidentes. Ao equipo técnico engádense 309 profesionais entre condutores, operarios e técnicos especializados. Ademais, o plan inclúe a colaboración de 900 axentes da Agrupación de Tráfico da Garda Civil e persoal da Dirección Xeral de Tráfico (DGT), que estarán preparados para realizar tarefas de control e intervención en caso de emerxencia.

A coordinación con AEMET permitirá un seguimento en tempo real das condicións meteorolóxicas, fa-

cilitando a toma de decisións inmediatas para a activación de medidas preventivas en zonas de especial risco. O plan establece protocolos de alerta, preemerxencia e emerxencia, así como áreas de estacionamento para vehículos pesados, que se utilizarán en caso de restricións por neve ou xeo.

Un dos reforzos específicos inclúe a asignación de tres quitaneves adicionais na zona de Pedrafita, unha área especialmente vulnerable debido ás obras do viaduto do Castro na A6. Este punto, clave na conexión entre Galicia e a meseta, está baixo un dispositivo especial debido ás elevadas restricións que poderían afectar o tráfico en condicións climáticas severas.

Pedro Blanco, delegado do Goberno en Galicia, destacou a importancia deste despregamento e expresou a súa confianza en que a coordinación entre o Goberno, os servizos meteorolóxicos e as autoridades locais permitirá unha resposta rápida e efectiva en toda a rede viaria. Así mesmo, animou aos condutores a seguir as recomendacións de tráfico e a consultar as condicións da estrada antes de iniciar calquera desprazamento durante o inverno.

Abre o prazo para presentarse aos premios Son Muller da AELU

A Asociación Mulleres Empresarias de Lugo presenta a VII Edición dos Premios Son Muller 2024, que recoñecen a empresarias e emprendedoras lucenses con 4.500 euros, co fin de distinguir o traballo da muller emprendedora, a muller empresaria e a muller empresaria rural.

Os premios Son Muller teñen como obxectivo fomentar a participación da muller no entorno económico e social lucense e contribuir á promoción do traballo das mulleres a prol da dignificación do rural, como un pilar económico da provincia. Anjhara Gómez, presidenta de AELU, destacou "a diversidade, innovación e pluralidade que caracteriza ao sector empresarial lucense".

Os Premios Son Muller 2024, organizados pola Asociación de mulleres empresarias da provincia de Lugo, coa colaboración da Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, Concello de Lugo e ABANCA, contarán con 3 categorías. A primeira será para a empresaria rural, no que se premiarán proxectos de mulleres en concellos rurais baseados en actividades agrarias e complementarias, agroalimentarias, turísticas, industriais e actividades ou actuacións que recoñeza a súa labor no medio rural, da provincia de Lugo. Neste premio, valorarase a experiencia empresarial, os plans de conciliación de vida persoal e profesional, a creación de emprego feminino, o fomento da igualdade, a creatividade e innovación e o proxecto empresarial que fomenta o empoderamento do rural galego.

A segunda categoría é a de empresaria, que leve con actividade dende hai máis de 42 meses dentro do sec-



tor rural. Valoraranse positivamente os currículos con ampla experiencia empresarial, os plans de conciliación de vida persoal e profesional, a creación de emprego feminino, o fomento da igualdade, a creatividade e innovación do mesmo. A terceira categoría é a de emprendedora, que valorará proxectos empresariais non superiores aos 42 meses. Teranse en conta o espírito emprendedor, a creatividade e innovación, o grado de definición do produto ou servizo, a creación de emprego feminino e a orixinalidade no sector.

XURADO E PREMIOS. Os Premios Son Muller 2024 contarán cun xurado que estará formado por representantes da xunta directiva de AELU e personalidades de prestixio, pertencentes a distintos ámbitos das administracións, empresas e sociedade lucense. Os premios serán dous para cada categoría Son Empresaria Rural, Son Empresaria e Son Emprendedora: 1.000 euros para cada unha, máis un ano de cota gratuíta como asociada da Asociación de Mulleres Empresarias da provincia de Lugo e

un xogo de matrioskiñas galegas, elaborado por artesás lucenses e deseñado especialmente para o premio. Para as segundas clasificadas en cada unha das categorías de Son Empresaria Rural, Son Empresaria e Son Emprendedora recibirán 500 euros, máis un ano de cota gratuíta como asociada da Asociación de Mulleres Empresarias da provincia de Lugo e un xogo de matrioskiñas galegas, elaborado por artesás lucenses e deseñado especialmente para o premio. Todas as finalistas recibirán un obsequio Son Muller 2024.

Para participar neste certame, será necesario que as participantes teñan o seu domicilio social e fiscal como empresa na provincia de Lugo e estean dadas de alta como autónomas ou ser parte dunha sociedade empresarial e deberán estar ao día nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, a devandita documentación só será preciso achegala se a participante resulta finalista.

As interesadas en participar poden inscribirse en www.empresariaslugo.org dende ata o 28 de Novembro ás 23.59 horas.

C-27-000501

logopedia Centro de **logopedia** M^o del Mar Tourón 99 de callejón 11/1004

Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?

TRASTORNOS

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

GESA ENERGIA

ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infórmate!
982 876 681
sarria@xenera.com

XENERA COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A potencia comercializadora de enerxía 100% galega. Concedida de 1.201 anos de forma.

GESA ENERGIA Colaborador Oficial de **XENERA**

A Xunta propón actos para celebrar o Mes da Ciencia en Galego

A Xunta impulsa actividades para celebrar o Mes da Ciencia en Galego nas bibliotecas da rede pública. O obxectivo desta iniciativa é sensibilizar sobre o valor de empregar o galego na divulgación científica. A Biblioteca Pública da Xunta en Lugo acollerá catro accións enfocadas ao público infantil e tamén están previstos tres obradoiros. Ademais, a Furgoteca levará experiencias de divulgación científica ao CEIP Ricardo Gasset do Incio o 22 de novembro, a presentación do Libro de experimentos abracadabrantos de Hugo Comas.

O PP conclúe a rolda de xuntanzas con alcaldes e voceiros do partido

Os deputados do Grupo Provincial Popular remataron a ronda de xuntanzas cos alcaldes e voceiros do PP nos 67 municipios da provincia, nas que constataron “o clamor que existe na provincia polo nefasto estado de mantemento da rede viaria provincial”. O voceiro popular, Antonio Ameijide, explica que unha das reivindicacións comúns nestas xuntanzas foi o estado das estradas de titularidade da Deputación. “A realidade é que 66 dos 67 concellos da provincia reclamaron unha preocupación real por parte do goberno provincial polo arranxo e mantemento da rede viaria provincial debido ás numerosas deficiencias que presenta, ademais da inseguridade que supón circular por estas estradas”, explicou. A realidade é que esta rede viaria provincial foi creada e concibida “baixo un goberno do PP á fronte da Deputación de Lugo, que contaba con moitos menos recursos dos que teñen agora PSOE e BNG para o seu mantemento”. “Estas estradas provinciais teñen que vertebrar a comunicación entre os municipios pero a realidade é que pola falta de traballo de José Tomé e os seus socios de goberno son un verdadeiro perigo”, sinalou.

Un mantemento da rede viaria que ten que ir da man de colocar todos os elementos de seguridade necesarios, renovar a sinalización e de realizar as rozas. “Estamos en outubro e hai concellos nos que aínda non se rozou nin un quilómetro de estradas”, lamentou. Unha falta de mantemento que non se exemplifica so na rede viaria, senón que tamén se traslada ao resto de propieda-



des da Deputación de Lugo. “Non importa que se trate dun edificio, de estradas ou de zonas verdes, a PSOE e BNG non lles preocupa nada manter en bo estado as súas propiedades”, denunciou. Neste senso, Ameijide puxo como exemplos o estado do Centro de Artesanía, “no que cando chove, faino coa mesma intensidade no interior e no exterior do edificio”, o Pazo dos Deportes ou as zonas verdes. “O Paseo do Miño cara a Fervenza (no Concello do Corgo) é un paseo natural que foi a envexa de toda España, e falo en pasado porque pola falta de preocupación e de mantemento de PSOE e BNG atópase en estado de abandono”, afirmou, xa que esta senda verde conta con numerosos atrancos para desfrutar dela, como árbores caídas sobre o camiño, grandes fochancas ou escaleiras e accesos perigosos, entre outras deficiencias.

CONTROL DE ANIMAIS ABANDONADOS. Os do Grupo Provincial Popular explicaron que algúns representantes de concellos se amosaran moi preocupados coa recollida dos animais abandonados, “un sentir que

tamén se fixo patente nesta reunión”. A Deputación ten que cumprir coas súas obrigas, establecidas na Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, e colaborar cos concellos na recollida dos animais abandonados. “Os municipios non teñen capacidade económica nin de persoal para asumir todas as competencias que se establecen nesta lei que entrou en vigor o 29 de setembro de 2023, polo que a Deputación ten que estar ao seu carón para axudalos”, sinalou. Unha reclamación que se incluírá no documento de propostas aos orzamentos da Deputación para o vindeiro ano, de forma que o goberno provincial poña en marcha tres centros de acollida para animais en toda a provincia, un na zona norte, outro para o centro e outro no sur. Ademais, dende o Grupo Provincial Popular tamén se defenderá que a Deputación poña en marcha un plan para a xuventude. “É necesario axudar aos máis novos a atopar a súa primeira experiencia profesional, ademais de darlles alternativas para o deporte, a cultura e o ocio”, rematou.

Arredor de 150 persoas con dificultades pasaron polo Camiño Francés



Sarria e Paradelas foron escenario da etapa galega do ‘Camiño dos Valores 2024, Camiñando pola Discapacidade’, unha iniciativa impulsada pola organización #UP2Ou Project Depende de ti, presidida pola maxistrada de Menores, Reyes Martel.

A primeira xornada arrancou coa chegada dos expedicionarios a Sarria, unha das máis emblemáticas do Camiño Francés, onde se reuniron preto de 150 persoas que se atopan en situacións de risco, exclusión social ou sometidos a medidas xudiciais, educadores, técnicos, voluntarios, organización autoridades...

Na cerimonia de saída estivo presente o alcalde de Sarria, Claudio Garrido, quen deu as grazas aos membros desta iniciativa por visitar a súa localidade, e ademais desexou “toda a sorte do mundo aos participantes, xa que teñen unha oportunidade única de gozar o Camiño de Santiago xunto a decenas de compañeiros que lles servirán de inspiración de fronte ao futuro”. Ademais, o rexedor manifestou a súa intención de “irmandar aos concellos do Camiño Francés cos do camiño grancanario para camiñar todos da man”.

Pola súa banda, a maxistrada de Menores e presidenta de #UP2Ou Project Depende de ti, Reyes Martel,

agradeceu a acollida e detallou que esta iniciativa non só “supón para os mozos e mozas participantes un reto físico, senón tamén unha experiencia espiritual e emocional, unha vivencia na que gozarán do compañeirismo, do silencio dos camiños rurais e a sensación de avanzar cara a un destino significativo”.

Despois, os participantes camiñaron por carreiros rodeados de bosques e atravesaron aldeas galegas, como a de Barbadele, en Paradelas, famosa pola súa igrexa románica. Nesta localidade, a expedición foi recibida pola alcaldesa de Paradelas, Monserrat Mulet, e a concelleira Belén López. Despois, alcanzaron a meta en Portomarín, onde foron agasallados pola concelleira Silvia Narón. En total, os protagonistas desta oitava edición percorreron 24 km.

Este proxecto ten como obxectivo fomentar a inclusión social de mozas en situación de vulnerabilidade, utilizando o Camiño de Santiago como unha ferramenta para a reflexión, o autodescubrimento e a aprendizaxe de valores prosociais. Nesta edición, o programa está dedicado a promover a conciencia sobre a discapacidade, involucrando a mozas que se atopan en situacións de risco ou exclusión social.

**FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.**

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

MADERAS GUILLAR

COMPRAMOS MADEIRA DE TODO TIPO:
CASTAÑO, CARBALLO, PINO, EUCALIPTO
(fincas de calquera tamaño)

ENCARGÁMONOS DE TODO PAGO INMEDIATO

645 958 789 (Pablo)
660 517 860 (José Angel)

CHÁMENOS SEN COMPROMISO

Un artigo científico analiza a relación entre Láncara e Cuba

O concelleiro de Láncara e investigador da USC, Pablo Rivera Capón, presentará un artigo científico onde analiza os lazos entre ambos lugares

Láncara e Cuba sempre mantiveron unha relación moi estreita, porén, esta intensa pero particular relación nunca estivo ben documentada. Por ese motivo, a finais de ano o concelleiro lanchará Pablo Rivera Capón, publicará un artigo científico que leva por título 'Lazos Migratorios y Vínculos Sociopolíticos: Análisis Diacrónico de las relaciones entre el ayuntamiento de Láncara (Galicia) y Cuba a través de la familia Castro (1875-2022)'. Tal e como di o resumo, "o estudo investiga a relación histórica entre a familia Castro e o Concello de Láncara, vinculado aos líderes cubanos Fidel e Raúl a través do seu pai, un emigrante campesiño. As conexións entre estes actores, aínda que heterodoxas, persistiron ao longo do tempo e tiveron un impacto significativo nos ámbitos político, social e cultural. A través dunha análise cualitativa, a investigación examina a intensidade destes lazos e as circunstancias que deron lugar á súa formación, achegando unha nova perspectiva á comprensión das relacións iberoamericanas a nivel microhistórico, un tema ata o de agora pouco explorado e que pode sumar unha valiosa contribución aos estudos sobre a inmigración española a América Latina".

A través do artigo, analízanse momentos clave na relación entre o municipio de Láncara co pobo cubano como a visita de Fidel Castro en 1992, o irmandamento en 2004 entre Láncara e o municipio habanero de La Lisa ou a posta en marcha do Centro de Interpretación da Emigración Galega en 2022, "que exemplifican a relevancia das historias migratorias compartidas á hora de tender pontes perdurables entre distintos ámbitos territoriais en múltiples dimensións: política, económica, social y cultural", explica o autor.

Para entender o momento actual, hai que achegarse ás orixes da relación entre Láncara e Cuba, polo que Rivera fai un repaso pola vida de Ángel Castro, pai de Raúl e Fidel Castro, que naceu na parroquia de San Pedro en 1875 ata que decidiu marchar cara a capital, Madrid, pola "precariedade económica e as limitadas oportunidades de mobilidade social que caracterizaban a Galicia rural de finais do século XIX", apunta o concelleiro. Pero volve a Galicia para realizar o servizo militar, onde, pouco despois, pola falta de recursos existentes, Ángel Castro decide marchar a Cuba en 1895 con 22 anos,

onde se estaba a producir a Guerra de Independencia contra España.

A pesar de volver a Láncara en 1899, a incerteza na súa terra e as posibilidades que Cuba podía ofrecerlle, fixéronlle instalarse en Cuba, onde se converteu nun home de negocios e un importante terratenente. Casou dúas veces e do segundo matrimonio naceron os rebeldes Raúl e Fidel Castro, con outros cinco irmáns e irmás. Ángel Castro morreu en 1956.

MÁIS ALÁ DO SENTIMENTAL. Ademais dese vínculo afectivo de Ángel Castro, instalado en Cuba, coas súas orixes en Galicia, este tamén quixo levar un anaco da súa terra ao seu novo fogar, tal e como analiza no artigo Pablo Rivera, que pon de manifesto a unión das dúas culturas a través da arquitectura e a identidade cultural. Así, di que a familia Castro, "cuxo patrimonio ten a súa máxima expresión tanto na vivenda familiar en Láncara como na súa homóloga en Birán (Cuba), ofrece unha testemuña da herdanza galega e a súa continuidade no contexto caribeño". A casa natal de Ángel Castro, en San Pedro, e a paisaxe que a rodea, "axudan a comprender mellor tanto o lugar elixido por Ángel Castro para establecerse en Cuba como o deseño da casa de Birán".

Na actualidade, a casa, que se atopa totalmente rehabilitada, alberga o Centro da Interpretación da Emigración Galega. Ademais, ten incrustada na súa fachada principal unha tarxeta conmemorativa realizada polo escultor cubano José Delarra na que está gravado o seguinte texto: "En esta casa en 1875 nació Ángel Castro Argiz, gallego que emigró a Cuba, donde plantó árboles que aún florecen".

Pero a construción das casas non é só o motivo polo cal Láncara e Cuba

desenvolveron as boas relacións que manteñen na actualidade, senón que outro fillo de Ángel Castro, menos coñecido que os revolucionarios, Ramón Eusebio Castro, foi o primeiro en volver sobre os pasos do seu pai e visitou a casa de Láncara cinco meses antes do triunfo da Revolución, en 1958.

Case tres décadas despois, en maio de 1983, Ramón regresou a Láncara para gozar da gastronomía galega e percorrer as rúas do municipio, "reafirmando deste xeito o profundo apego e interese por conectar coa orixe da súa familia, un fenómeno común na diáspora e os movementos migratorios", tal e como sostén o concelleiro. Este sería a última viaxe por terras lancaresas, aínda que a tradición de manter lazos coas súas raíces galegas foi continuada polos seus fillos.

ESFORZOS POR MANTER A UNIÓN.

No artigo, Pablo Rivera fai fíncapé na vontade de manter viva a unión polo que menciona a visita realiza por unha delegación do Concello de Láncara á Habana en marzo de 1992, aproveitando o contexto de achegamento entre España e Cuba tras a visita de Fraga Iribarne un ano antes. Nesta viaxe, o alcalde, Eladio Capón, convidou a Fidel Castro a coñecer o lugar no que naceu o seu proxenitor e comunicarlle a decisión unánime da corporación municipal de outorgarlle o título de Fillo Adoptivo.

Así, o 28 xullo de 1992, a casa do Concello da Pobra de San Xiao acolleu a chegada de Fidel Castro, que foi recibido polo alcalde de Láncara, Eladio Capón, e polo presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, para facerlle entrega do título de Fillo Adoptivo. Nesa visita, Fidel deixou escritas no libro de honra unhas palabras de agradecemento que se



atopan custodiadas na casa do concello "como un dos seus grandes tesouros", explica Rivera.

Outro dos achegamentos tivo lugar en 2001, cando unha representación lancaresa visitou de novo La Habana, sendo recibidos por Fidel Castro. Porén, o irmandamento oficial entre Láncara e La Lisa chegou en novembro de 2004, nun acto celebrado en Cuba; e, un ano despois, en outubro de 2005, unha expedición de La Lisa viaxou a Láncara "co obxectivo de reafirmar a irmandade entre as localidades". Ademais, Raúl Castro, visitou a casa do seu pai en San Pedro en maio de 2005. A última expedición relevante desta etapa inicial de consolidación foi a de Láncara cara a Cuba en outubro de 2006. A partir deste ano, a intensidade de visitas reduciuse ata 2015, cando se produciu "un novo impulso nas relacións entre Láncara e Cuba", explica Rivera Capón. Así, o 15 de novembro de 2015, o embaixador cubano en España, Eugenio Martínez e o tenente de alcalde de Láncara, Pablo Rivera -autor do estudo-, reuníronse en Madrid co fin de retomar colaboracións pasadas e abordar novas vías de cooperación entre ambas partes. O alcalde de Láncara nese momento e na actualidade, Darío Piñeiro, decidiu elevar o pleno municipal unha iniciativa para que o presidente cubano, Raúl Castro Ruz, fora

declarado Fillo Adoptivo de Láncara, proposta que se aproba por unanimidade, o que promoveu unha visita de representantes do goberno cubano a Láncara. O 25 de novembro de 2016, morre Fidel Castro Ruz e o alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, decide promover unha ofrenda floral en memoria do expresidente cubano fronte á casa de pedra onde naceu en 1875 o seu pai, Ángel Castro. "Estes xestos contribúen a construír identidades e a transmitir mensaxes que axudan a comprender mellor a profundidade e a intensidade das relacións entre ambos os territorios", defende Pablo Rivera Capón.

Neste momento, explica o concelleiro lanchará, "as relacións son tan sólidas tras décadas de irmandamento con clara implicación emotiva, que ata o propio goberno cubano convidou a Darío Piñeiro a participar nos actos polo funeral do líder da Revolución xunto coa comitiva española, aínda que finalmente non puido asistir por falta de tempo para xestionar a viaxe". Na actualidade, seguen vivas e prolíficas as accións que promoven a continuidade da relación entre Láncara e Cuba, con asiduas visitas de delegacións de diferentes ámbitos de Cuba a Láncara, como a recente visita embaixador cubano Marcelino Medina a Láncara, onde se fixo unha homenaxe ao político cubano José Martí.

Yolanda Díaz é a premiada do XXII Premio Ramón Piñeiro Facer País

Lucía Arrojo, da Asociación Cultural Val de Lánacara reuniuse con Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega, para presentar un ano máis o Premio Ramón Piñeiro Facer País.

Nesta XXII edición do premio recoñecerase a Yolanda Díaz Gallego o seu labor, polo que se lle entregará o premio o vindeiro 9 de novembro a ponte romana de Carracedo.

O acto tivo lugar na biblioteca do Consello de Cultura, un lugar onde se falou desta XXII edición e da premiada Yolanda Díaz Gallego. "Repetimos os nosos agradecementos, porque nunca son suficientes, a Rosario, por darnos sempre a oportunidade de presentar o premio en tan boa compañía e manter un contacto moi



fluído, e tamén a Xurxo por acompañarnos sempre neste premio, permitindo-nos desfrutar do seu tempo e talento", sostiveron desde a Asociación Cultural Val de Lánacara.

Pola súa parte, o fallo do xurado sostivo que "este ano traemos

unha proposta que familiares e amigos definen coma a historia viva de Galicia. Sendo muller nun mundo de homes, especialmente nos anos que a ela lle tocou vivir a súa xuventude, polo que premia-mos a Yolanda Díaz Gallego".

Lánacara contará o vindeiro ano con contedores marróns e composteiros

O Concello de Lánacara vai implantar contedores marróns e composteiros no municipio, co fin de cumprir os obxectivos que deben acadar os concellos no ámbito de xestión de residuos, así como para fomentar a reciclaxe e rebaxar o peso do lixo do contedor verde, tendo en conta a suba do canon de Sogama.

Así, a intención do Goberno local é instalar os contedores marróns durante o primeiro trimestre do vindeiro ano 2025, polo que vén de sacar a contratación a compra de depósitos. Este contrato dividirase en tres lotes: un para adquirir os materiais necesarios para poñer en marcha as instalacións de recolección de biorresiduos e a compostaxe, cun orzamento de 5.120 euros; outro lote para os sis-



temas de identificación dos usuarios dos contedores, cun valor de 3.569 euros; e outro lote para a campaña de información sobre o novo sistema, cun orzamento de 9.924 euros. O obxectivo da campaña de información, que consistirá en difundir materiais informativos e promover

charlas, é concienciar á poboación e aos grandes xeradores de residuos de xestionar o lixo e así potenciar a xestión e recollida destes desperdicios no municipio lançarés, concretamente no núcleo da Pobra de San Xiao e en Valdriz colocarse unha planta de compostaxe comunitaria.

A asociación veciñal de Santiago de Cedrón organiza o seu magosto



A asociación veciñal e cultural de Santiago de Cedrón organiza o seu magosto na parroquia lancaresa o vindeiro sábado, 9 de novembro.

Desta maneira, terá lugar baixo da ponte de Saa ás 13.30 horas e contarase con carpa climatizada, para que as persoas que se acheguen poidan desfrutar dunha comida sen preocuparse dos

efectos do tempo.

Así, comeranse castañas asadas, empanada, chourizos, liscos, costela e porco, sobremesa e café por un custo de 20 euros os socios e de 30 euros os que non son socios.

A festa, ademais, estará amenizada polo grupo Dúo Tropical, co fin de que a veciñanza desfrute da música ademais da comida.

Val de Lánacara organiza actividades neste curso

A Asociación Cultural Val de Lánacara propón actividades para todos os veciños e veciñas e persoas interesadas. Desta maneira, ofrece clases de zumba os xoves ás 18.45 horas na antiga escola de Lánacara, así como haberá os xoves ás 19.25 horas clase de Círculo de Mobilidade, axeitado para estirar o corpo despois das clases de zumba.

Por outra banda, a Xunta de Galicia, o programa Corresponsables, o Ministerio de Igualdade, Cru

Roja, Afammer e a Asociación Cultural Val de Lánacara organizan un curso de primeiros auxilios.

Esta actividade desenvolverase o vindeiro 9 de novembro en horario de 09.00 a 14.00 horas na antiga escola de Lánacara.

Desta maneira, todas as persoas interesadas en aprender as noções básicas dos primeiros auxilios e así poder axudar a quen o necesite, poderán facelo de maneira gratuita.



INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.




o incio

Afalu impartirá un curso sobre mobilizacións en persoas dependentes



O Concello do Incio e Afalu Alzheimer organizan unha actividade formativa para persoas cuidadoras sobre mobilizacións e traslados en persoas dependentes. Será o vindeiro 20 de novembro en horario de 17.00 a 20.00 horas no edifi-

cio Multiusos do Concello do Incio. Durante a sesión, falarase do sostén e movemento do corpo humano, cambios posturais e posición anatómicas, técnicas de mobilización, traslado e deambulación e prevención de riscos.

A Asociación As Cavarcas organiza unha recollida e cociñado de cogomelos

A Asociación Cultural As Cavarcas do Incio organiza unha recollida e cociñado de cogomelos o vindeiro 17 de novembro.

A saída para a recollida será ás 09.30 horas diante do Concello do Incio e contarase coa participación de Carlos Pérez, presidente da Asociación Micolóxica Os Lactouros de Monforte.

O cociñado será ás 13.30 horas

no Restaurante Aira Padrón de Samos, e ademais haberá un taller saudable da man de Isabel Mourín. Ao rematar, terá lugar o picoteo e xantar.

As persoas interesadas en apuntarse e participar desta actividade poderán facelo a través do número 659 061 819. Esta actividade, ademais, conta co apoio da Deputación de Lugo.

paradela

O libro 'Los zapatos del lobo' de Sonia Arias traduciuse ao inglés

A escritora paradelense Sonia Arias conseguiu que o seu libro 'Los zapatos del lobo' fora traducido ao inglés grazas as xestións realizadas polo grupo editorial Angels Fortune Editions coa Universidade Rovira i Virgili de Tarragona e coa colaboración na revisión dos textos da autora e compañeira Blanca De La Rosa (EEUU). "Todo este proceso fíxome moi feliz porque grazas a iso podo chegar a outros países. Valoro moito cada pasiño que damos", sostén Arias, que ademais destaca que os seus estudos en psicoloxía positiva lle axudaron a escribir este libro: "Puiden poñerme diante do lector e expresar de maneira clara e segura as miñas emocións sobre os temas dos que escribo e permitir que o lector sinta as súas. Con iso gañei confianza en min mesma



e mellorei a xestión emocional. Cando entras en temas difíciles tamén hai que saber saír, o que non podemos é facer que non existen. Todo supuxo un grande aumento de empatía cara aos demais". Por iso, explica, "é un libro onde hai moito análise, visualización e diferentes perspectivas. Tampouco se

nega a liberdade para estar triste ou enfadado pero é moi importante ter a cabeza forte".

Así, di que unha das frases que máis recollen os lectores e incluso a utilizan na súa vida diaria é: "(...) traigan dolor, miedo y cosas irremediables que hoy compré el pan que me gusta(...)".

O Concello e a Xunta estudan mellorar a ruta de sendeirismo

A Xunta de Galicia e o Concello de Paradela estudarán posibles vías de colaboración para executar un proxecto para mellorar a ruta de sendeirismo do río Loio, un itinerario localizado dentro do Espazo natural de interese local (ENIL) Loio-Ruxidoira.

Concretamente, abordaron o estado actual desta ruta, un sendeiro liñal de 7 km que discorre paralelo ao río Loio e atravesa zonas con vexetación autóctona, muíños e fervezas.

Ao respecto, a rexedora, Montserrat Mulet, explicou que "o percorrido presenta algunhas deficiencias que o Goberno local quere corrixir", ante o cal a responsable autonómica lle recordou que, como un dos municipios pertencentes á Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras de Oribio e Courel, tamén pode acollerse ás axudas que cada dous anos convoca o seu departamento para

apoiar a execución de diferentes proxectos nestes espazos e que, previsiblemente, se publicarán a finais de 2024.

Así mesmo, a rexedora tamén indicou que se está a traballar nunha auditoría da rede de abastecemento municipal para detectar posibles perdas de auga, grazas a unha axuda de case 6.000 euros concedida pola Consellería a través de Augas de Galicia.

Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza
Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS
PUERTAS
ARMARIOS
COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

A Asociación de Mulleres organiza actividades deportivas

A Asociación de Mulleres de Paradela organiza novas actividades deportivas para as veciñas e veciños do municipio paradelense.

Desta maneira, ofreceranse clases de pilates os luns e mércores de 21.00 a 22.00 horas; de zumba, que serán os xoves de 20.30 a 21.30 horas; e de *aquagym*, que se realizarán na piscina climatizada de Sarria os martes ás 20.00 horas.

Todas estas actividades comezaron en novembro agás pilates, que comezou en outubro, e as persoas interesadas xa poden apuntarse no Concello ou no 669 849 518.

Samos contará con puntos con códigos QR para difundir a historia

O Concello de Samos anuncia que está a piques de ofrecer unha experiencia innovadora aos seus visitantes mediante o uso de códigos QR. “Esta iniciativa permitirá aos turistas explorar a rica historia, cultura e beleza natural de Samos dunha forma interactiva e moderna”, explican desde o Concello. Desta maneira, cun simple escaneo, os visitantes poderán acceder a información detallada sobre os puntos elixidos. Concretamente, os códigos QR proporcionarán datos históricos, anécdotas e lendas que ofrecen unha comprensión máis profunda do lugar. Estes estarán situados estratexicamente tamén en espazos naturais, ofrecendo guías interactivas que destacan a flora e a fauna locais, así como vistas panorámicas imprescindibles. “Isto permitirá aos excursionistas gozar dun percorrido informado e completo”, argumentan. Ademais, engaden que este proxec-



to comeza agora, pero preténdese que teña continuidade no futuro ata completar unha longa rede de códigos QR sobre os recursos turísticos, naturais, gastronómicos... e moita máis información para todos os que se acheguen ao Concello de Samos.

“Esta forma innovadora de explorar Samos promete enriquecer a experiencia de cada visitante, conectándoo co pasado e co presente deste tesouro galego”, conclúen.

Desta maneira, contan con ter instalados estes QR para o vindeiro 15 de novembro, xa que o convenio de colaboración firmado polo Concello de Samos coa Axencia de turismo de Galicia e a Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés para executar actuacións de mellora paisaxística e de promoción da ruta, tiña como data o 15 de novembro para a instalación de ditos puntos.

Impartíuse un obradoiro de ‘showcooking’



Samos acolleu un obradoiro de ‘showcooking’ o 23 de outubro con Belén López, unha talentosa chef e xefa de cociña do *catering* de Adolfo Domínguez, Roberto Verino, Roda Food e a Fundación Ramón González Ferreiro.

O Restaurante Albaroque de Samos foi o escenario desta actividade de cociña de outono na que participaron 15 persoas e que serviu para coñecer receitas inspiradas nos sabores e produtos desta estación de outono. Ademais, antes de comezar a demostración, os participantes recibiron tres agasallos por

parte da organización: unha *tote bag*, unha libreta e un bolígrafo, co que puideron coller notas de todo o que foron aprendendo.

Durante o evento, a *chef* preparou catro pratos con varios tipos de cogomelos e froitos secos, propios da época do ano. Uns dos que tiveron máis éxito foron un pastel de cogomelos e unha bica de abelás.

Este evento enmárcase na campaña QR Samos, organizada polo Concello de Samos, co fin de promover a cultura gastronómica da comarca e como un proxecto de dinamización do turismo.

A maquinaria adquirida permitiu “dobrar o ritmo de traballo”

O Concello de Samos ampliou o seu parque de maquinaria co fin de manter as vías municipais en bo estado ao adquirir un tractor e unha mini pa co apoio da área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Estes vehículos polivalentes son un equipamento para realizar diferentes tarefas de limpeza, desbroce e mantemento en vías e espazos verdes ao longo das 24 parroquias do municipio. O tractor conta cunha desbrozadora lateral e coitela para a neve, así como ramplas de remolque para o desprazamento da mini pa, que ten dous cazos. A este equipamento, súmase unha máquina hidrolimpadora para limpar muros, beirarrúas ou varandas.

A alcaldesa de Samos, Chus López, explicou que “a incorporación desta nova maquinaria permitiunos dobrar o ritmo de traballo na limpeza e desbroce de pistas municipais nos últimos dous meses, xa que agora dispoñemos de dous tractores, e tamén nos permite afrontar o inverno con maiores garantías de sermos capaces de actuar cando se requira. Ademais, a mini pa danos a posibilidade de facer pequenas obras con medios propios, abaratando os custos”.

Ademais, subliñou a necesidade “da colaboración institucional para

executar este investimento, que o Concello non podería facer só con recursos propios”.

O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, valorou “o esforzo orzamentario e de persoal que o mantemento das vías municipais supón especialmente para os concellos rurais, onde estas infraestruturas son básicas para a mobilidade e tamén

para o desenvolvemento das actividades agrogandeiras e forestais”.

A área de Rural da Vicepresidencia da Deputación achega un total de 93.000 euros para a adquisición destes vehículos, reforzando a colaboración que a entidade provincial mantén co concello a través do Plan Deputación cun investimento previsto de 282.000 euros para 2024.

SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

Organizan un taller de decoración de Nadal

O Concello de Samos organiza un taller navideño que se celebrará o vindeiro domingo, 1 de decembro, na antiga biblioteca do municipio. Así, en horario de 17.00 a 19.30 horas, as persoas participantes, que deberán apuntarse a través do número 677 399 911, pode-

rán desfrutar dunha tarde preparando decoración de Nadal. As profesionais de floristería Jose & Mici de Sarria serán as encargadas de guiar este obradoiro que terá un custo de 50 euros, xa que inclúe todo o material necesario para levar a cabo a actividade.

HACIENDA FARRUQUINO

ATENCIÓN FAMILIAR

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSGRADA

HORARIOS

DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo
de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

o páramo

O BNG critica o desleixo e a situación no Concello



Desde o BNG do Páramo denuncian a situación do Goberno local, cuxa acción está “totalmente parada”. O único que se fixo nos últimos meses, din, “é o da recollida de alimentos para mandar a Valencia”.

Porén, explican, a situación no centro de saúde “segue igual” a pesar de que hai un ano que os nacionalistas

fixeran unha manifestación fronte ao ambulatorio para pedir máis médicos. “En agosto houbo días en que non había ningún médico e a xente queixase”, explican.

Normalmente, hai un médico e outro que vai dous días á semana catro horas. “A xente protesta na sala de espera porque tardan en atender”.

Organízanse clases para os maiores durante este curso



O Concello do Páramo organiza clases para maiores durante este curso 2024-2025, no que terán preferencia as persoas empadroadas no Concello do Páramo, pero nas que poderán participar

outras persoas doutros concellos interesados. Desta maneira, haberá ximnasia de mantemento de 21.00 a 22.00 horas os martes e terá lugar pilates de 21.00 a 22.00 horas os xoves.

triacastela

A CHMS sostén que os Plans Básicos Municipais están esperando aprobación

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) responde ás declaracións da Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas no Parlamento de Galicia “acusando a este Organismo de entorpecer a aprobación dos Plans Básicos Municipais tramitados pola Xunta”.

“Todo apunta a que estamos fronte a unha problemática que pouco ten que ver coa imperiosa necesidade de colaboración cos concellos para facilitar-lles a xestión dos Plans de Urbanismo que dean seguridade xurídica a novos desenvolvementos, necesarios para fixar poboación no rural galego”, explicou José Antonio Quiroga, presidente da CHMS.

“Se o obxectivo fose desbloquear, o Parlamento debería de instar á Xunta a investir no saneamento e o abastecemento dos núcleos deficitarios, co ánimo de conseguir que toda a poboación galega dispoña de auga en cantidade e calidade, independentemente de que residan en cidade ou en núcleo rural, ambos os servizos competencia municipal e subsidiariamente da Xunta de Galicia”, matizou Quiroga. Colaboración da CHMS coa Administración Autonómica.

“É demostrable, tras as reiteradas reunións presenciais e telefónicas mantidas coa responsable de Urbanismo da Consellería, o total apoio, colaboración, predisposición e sensibilidade deste Organismo de conca, pero hai que lembrar



que a aplicación da normativa é a clave para o bo servizo á cidadanía e para a protección do medio ambiente” incidiu o presidente da CHMS.

O informe preceptivo e vinculante que ha de emitir a CHMS está regulado no art. 25.4 da Lei de Augas e, por tanto, explican, o contido do mesmo non é discrecional.

Por imperativo legal este Organismo ten que pronunciarse sobre a existencia e dispoñibilidade de recursos suficientes para satisfacer novas demandas.

“Hai que destacar que a nova regulación da normativa urbanística galega non pode alterar o art. 25.4 TRLA, como pretende a Xunta, xa que as Comunidades Autónomas non poden modificar leis estatais, nin regular de forma diferente cuestións de competencia exclusiva do Estado, aínda que se manteñen que

poden aprobar os Plans sen as debidas garantías legais, será a súa responsabilidade”, explicou o presidente.

“Da mala praxe da Xunta existen sentenzas do Tribunal Supremo que anulaban os Plans Xerais de Ordenación Municipal, aprobado para os municipios de Verín e Monterrei (CH Douro), precisamente por este tema”, incidiu Quiroga. Desde a CHMS explican que no PBM do Concello do Páramo foi enviado un informe favorable, excepto para 6 núcleos dos 115 que indica a Xunta. Este Plan foi Aprobado pola Administración Autonómica, de forma parcial por Orde do 13 de febreiro de 2023.

En Triacastela e Cartelle, foron enviados informes favorables da CHMS, como no caso anterior, para algúns núcleos de poboación, estando pendente de aprobación pola Xunta.

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?*

*SOLO SARRIA (CASCO URBANO)

¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!

TOURIST HOME
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS
Tfno: 650 082 298

GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

INFÓRMATE SIN COMPROMISO

DEPUTACIÓN

O orzamento da Deputación crecerá ata os 130 millóns euros, asegura Tomé

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, presentou no Parlamento galego as liñas estratéxicas dos Orzamentos da entidade para o 2025, uns presupostos “realistas e útiles para os concellos e para o tecido social e económico da provincia” que ascenderán a 130 millóns de euros, o que representa un 12% máis ca neste ano, gracias á aportación do Estado que se incrementa en 14 millóns.

“Continuaremos desenvolvendo o noso proxecto ben definido para a provincia, con partidas realistas, e que se asenta en catro grandes piares: A mellora da mobilidade, a cooperación cos concellos, o apoio aos sectores produtivos, e as políticas sociais”, subliñou o mandatario provincial subliñou ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento. Como “factor clave para o equilibrio territorial e, polo tanto, para fixar poboación”, José Tomé expuxo que a mobilidade é outras das liñas estratéxicas dos Orzamentos 2025 da Deputación. Dédicalle o 30% dos recursos, entre as actuacións na rede viaria provincial e a cooperación cos concellos para a mellora das estradas municipais.

Avanzou que a investimentos de mellora de estradas a institución provincial dedicará no 2025 máis de 12 millóns de euros, “cun incremento do 100% con respecto ao presente ano” 2024, e á conservación, 5,5 millóns, “o que supón un 10% máis que neste ano”. Un esforzo investidor e un reto dunha dimensión que para explicala “basta lembrar que a Deputación de Lugo ten a rede de



estradas provincial máis extensa de toda España, con 4.217 quilómetros, e tres veces maior que a da Xunta na provincia de Lugo”.

PROTECCIÓN SOCIAL. O Goberno provincial, expuxo o presidente, dedica un terzo do Orzamento ás políticas sociais, “o que nos converte nunha das poucas deputacións de toda España que conta cunha rede de protección social tan ampla e eficaz”. Unha rede que ten como piares o servizo de teleasistencia domiciliaria – que atende a 2.000 persoas da provincia, o servizo de axuda no fogar e a rede de centros de atención a maiores.

A Deputación conta con 9 residencias en funcionamento en concellos rurais da provincia, que ofrecen 300 prazas asistenciais e crean en torno a 225 postos de traballo directos. E puxo en valor os seus compromisos en materia de residencias: “Nestes momentos temos en construción outros 4 centros de atención maiores e

5 en trámite, cos que se completaría a rede de 18 residencias na provincia”.

COOPERACIÓN. Destacou que a Deputación transfere cada ano o 20% do seu orzamento aos 67 concellos da provincia, “segundo criterios públicos e obxectivos, e cun respecto máximo á autonomía municipal, pois son os propios concellos os que deciden libremente a que fins destinan os recursos económicos que reciben”. E que este ano subimos 250.000 euros, transferíndolles un total de 22 millóns. Xunto aos recursos económicos, a Deputación de Lugo ofrece asistencia técnica a todos os concellos que así o requiren en materia xurídica, urbanística, en xestión e cobro de impostos municipais, en recursos humanos ou en formación, entre outras cuestións, co que aforran miles de euros e gañan eficacia. Ademais, “como reforzo de todo ese apoio e asistencia permanente”, explicou José Tomé, desenvolve o proxecto

Lanzan unha nova edición das axudas ‘O que non arde’

A área do Rural da Vicepresidencia pon en marcha a quinta edición do programa de axudas ao silvopastoreo e á gandería extensiva *O que non arde*, cun investimento de 120.000 euros, un 50 % máis que na última anualidade.

A convocatoria diríxese a ganderías de ovino, cabrún e porcino en extensivo. Así, as achegas teñen como obxectivo financiar gastos de instalación e mantemento de elementos de manexo do gando, desde pastores eléctricos e valados fixos ou móbiles ata accesorios para a alimentación ou módulos para a xestión dos partos do gando no monte. Ademais, por primeira vez, incorpórase como gasto subvencionable (ata un 20 % do importe solicitado) os gastos de roza previos á instalación destes sistemas de protección.

As achegas, que se outorgarán en réxime de concorrencia competitiva, oscilarán entre os 300 e os 6.000 euros por beneficiaria ou beneficiario. A convocatoria publicárase o xoves 17 de outubro no Boletín Oficial da Provincia, establecendo 15 días hábiles -ata o 8 de novembro – para tramitar as solicitudes.

O que non arde é o primeiro programa impulsado pola Deputación en relación coa prevención de incendios e a xestión do monte. Na súa primeira edición, en 2020, o programa implementouse a través da colaboración cos concellos, que puideron solicitar axudas de Medio Rural para a roza e limpeza das faixas laterais da rede viaria municipal, así como para o mantemento da rede de faixas de xestión de biomasa coa plantación de especies arbóreas autóctonas.

AS RODAS

NUEVA GERENCIA

MENU

ESPECIALIDAD EN PARRILLA

Buffet libre churrasco 29€

Incluye: ternera, cerdo, pollo, criollo, chorizo, patatas, ensalada, pimientos de padrón, postre, bebida, café y chupito.

Menú diario 12,50€
Menú fin de semana 15€

Churrasco siempre incluido en el menú
Amplio horario de cocina de 11h a 17h.

Celebración de eventos / Habitaciones

Tels. reservas: 634 494 540
982 546 749

Lugar Valiña 7,
Sarria

FADEMUR

Tomé Roca, vén de asinar coa presidenta da Federación de Asociación de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur), Verónica Marcos Arrojo, un acordo co que a institución provincial achega 50.000 euros, mentres que o colectivo achega aproximadamente os 3.000 euros restantes para o desenvolvemento dun programa que ten por obxectivo empoderar a muller do rural.

DEPORTES

Dúas masterclass de ximnasia rítmica



O Club Xirandela de ximnasia rítmica de Sarria organiza, con motivo da celebración dos seus 25 anos, unha masterclass da man de Almudena Cid, que gañou oito campionatos de España no concurso xeral da categoría de honra.

A ex-ximnasta olímpica da selección nacional española, tamén é actriz e escritora, aínda que destaca pola súa participación en catro xogos olímpicos consecutivos (Atlanta 1996, Sidney 2000, Atenas 2004 e Pekín 2008). Obtivo diploma olímpico nos dous últimos e é a única ximnasta rítmica que disputou catro finais olímpicas. Desta maneira, as alumnas de ximnasia rítmica do Club Xirandela, así como outras persoas interesadas, poderán gozar dunha actividade que terá lugar o vindeiro 23 de novembro no pavillón Jose Mario González do Chanto.

As prazas son limitadas, polo que se recomenda á xente que contacten co Club Xirandela a

través do correo clubxirandela@gmail.com ou no teléfono 619 034 135.

CAMPUS DE NADAL. O Club Rítmica Atalaia organiza o seu I Campus de Nadal, que se celebrará en Sarria desde o día 26 ao 29 de decembro.

Para celebrar esta iniciativa, o club conta coa colaboración do Concello de Sarria e a Deputación de Lugo.

O Campus contará coa presenza de Eneko Lambea, seis veces campión de España absoluto, quen dirixirá unha Masterclass o día 27 de decembro.

A actividade terá lugar no pavillón Jose Mario González, O Chanto, en xornada de mañá, excepto a Masterclass, que será en xornada de mañá e tarde.

O prazo para inscribirse, aberto a todo aquel que queira participar a partir de seis anos, estará aberto ata o día 9 de decembro, podendo anotarse a través da web do Club.

O I Open do Camiño Vila de Sarria xuntará máis de 250 profesionais

O I Open do Camiño Vila de Sarria organizado pola Escola de Taekwondo de Sarria, xunto co Concello de Sarria, desenvolverase este sábado, 9 de novembro, no pavillón municipal Novo da rúa Castela.

O horario da competición será de 9.30 a 14.30 horas, cun parón de 11.30 a 12.00 horas no que deportistas de elite que están clasificados para o campionato do mundo de Hong Kong, entre os que se atopa o organizador e adestrador Álex Losada, farán unha demostración das diferentes variedades que hai no taekwondo. Ademais, vaise facer un acto de recoñecemento para os deportistas que van ir ao Mundial. En total, di que se van xuntar máis de 250 deportistas nesta primeira edición dun total de 14 clubs de toda Galicia e de



Asturias. “Estamos moi contentos porque é a primeira edición e imos intentar que medre e que se repita no tempo”, sostén Losada.

Desde a AC Taekwondo agradecen a colaboración do Concello de Sarria, e tamén á Federación Galega de Taekwondo, representada por Juan Carlos Eiriz, quen dixo estar “moi contento por

achegar o taekwondo a unha vila como a de Sarria”.

Falouse tamén de posibilidades de manter este evento ao longo do tempo e de incluso facelo *rankeable*, é dicir, puntuable, para entrar na Selección Galega, pero é un proxecto a futuro. “Estamos moi ilusionados e temos moitas ganas deste sábado”, concluíu Álex.

O CB Sarria organiza a II edición do seu Campus de Nadal en decembro

O Club Baloncesto Sarria organiza o II Campus do Nadal tras o éxito da primeira edición. Así, desde o Club din que lles enche “de entusiasmo o regreso do Campus do Nadal”.

Dito campus terá lugar do 26 ao 29 de decembro, días nos que os mozos e mozas apaixonados polo baloncesto terán a oportunidade de mellorar as súas habilidades, gozar do deporte que aman e compartir momentos inesquecibles nun ambiente de compañeirismo e diversión.

Este campus está deseñado para xogadores e xogadoras de todos os niveis nados entre 2007 e 2017, e que buscan potenciar o seu xogo baixo a batu-



ta de adestradores cualificados e en instalacións de primeiro nivel. “Durante catro días, traballaremos aspectos técnicos, tácticos e físicos do baloncesto, adaptándonos ás características e necesidades dos participan-

tes”, explican.

Ademais da mellora deportiva, o Campus do Nadal é “unha excelente oportunidade para facer novos amigos e vivir unha experiencia única nun ambiente propio do Nadal”, sosteñen.

Organizan o II Torneo de Nadal

O pavillón O Chanto acollerá os días 26, 27, 28 e 29 de decembro o II Torneo de Nadal 2024 de fútbol coa colaboración do Concello de Sarria. A organización sostén que haberá premios para o equipo campión, para o subcampión, para o 3º e para o 4º clasificado, así como tamén haberá premios para o mellor porteiro e para o mellor xogador.

CARPINTERÍA METÁLICA



- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

PINTOR



PINTURAS HOGAR
LATAS

tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

“O máis importante é que as ximnastas gocen da rítmica”

O Club Xirandela fai 25 anos desde a súa posta en marcha en 1999 e Mónica Fernández, adestradora e promotora da entidade, pon en valor a rítmica

Hai 25 anos, a ximnasta sarriá e docente Mónica Fernández decidiu poñer en marcha unha escola de ximnasia rítmica para seguir os pasos que deron con ela e seguir promovendo o coñecemento deste deporte na súa vila, Sarria. A evolución desde o ano 1999 ao día de hoxe valóraa como “súper positiva”, xa que empezaron con 5 nenas e no día de hoxe pasan das 100. Concretamente, teñen 86 alumnas do propio Club Xirandela e outras do colexio da Merced e do Colexio da Asunción en forma de actividade extraescolar. Foi neste último onde a ximnasia rítmica aterrou en Sarria da man de Elena Pérez e Noemí Tallón, esta última tamén adestradora do club a día de hoxe. Ademais, Mónica Fernández puxo en marcha en Becerreá, coa axuda de pais e nais das nenas do cole, un club de ximnasia rítmica co que, agora, teñen moi boa colaboración, o Club Ximnasia Becerreá. As técnicas tamén foron cambiando dende os comezos. Cada catro anos, facendo coincidir con cada ciclo olímpico, “o código da rítmica modifícase, polo que tes que adaptarte a ese código que tes que ensinar, ou ás novas técnicas. Hai que ir adaptándose ao código da Federación Internacional de Ximnasia, que marca en cada ciclo olímpico o que nos esixen para chegar ás competicións”, explica Mónica Fernández, que como profesional deste deporte aposta pola expresión corporal, pola rítmica de antes: “O bonito da rítmica é que a ximnasta che transmita a idea que leva a música, que a reflexe ela nun tapiz”, destaca.

OS ÉXITOS DO XIRANDELA. Con esa capacidade para adaptarse, o Club Xirandela aposta pola división das 86 nenas que teñen como alumnas do Club Xirandela en distintos niveis e categorías segundo

as idades.

Desta maneira, de 3 a 6 anos teñen as nenas da Escola, onde empezan preparando “o que despois queremos ir recollendo”. A partir dos 5 anos, comeza o nivel de competición coas categorías de iniciación, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e sénior. Antes tamén tiñan máster, pero agora as ximnastas de dita categoría son adestradoras das pequenas. Así, explica que “é un deporte que comeza a idades moi temperás e remata moi

A nivel de éxitos de competición destacan diversos equipos con títulos provinciais, campións galegos, subcampións galegos e bronce galego. Cabe resaltar os tres conxuntos que tiveron a nivel absoluto e nivel base, que logran desfrutar da experiencia de competir nun campionato nacional: “O conxunto de nivel absoluto chegou a un nacional absoluto en Granada, un conxunto de nivel base estivo en 5 campionatos de España consecutivos e outro



cedo, porque cando fan os 18 anos, teñen que marchar a estudar a outros lugares e deixan o deporte, porque é moi difícil de compaxinar, xa que é un deporte que require de moito adestramento”.

Con todo, destaca que “para nós, as adestradoras, todas as nosas ximnastas son un orgullo, xa que cada unha ten as súas peculiaridades e obxectivos, pero todas nos sorprenden, principalmente porque cando se desfruta do que fas, conseguas as metas máis facilmente”.

conxunto de nivel base tamén estivo nun campionato nacional en Pamplona, tras proclamarse tres anos consecutivos campioas galegas. Chegar a un nacional é moi difícil, máis en Sarria, porque non temos infraestruturas para adestrar ao nivel que se precisa. Por exemplo, temos a necesidade da altura nun pavillón onde realizar cos nosos aparatos as esixencias que teríamos que levar a cabo”. Así, di que ultimamente sempre apostan polos conxuntos, non por actuacións individuais, xa que

“a experiencia dinos que as ximnastas desfrutan máis e pásano mellor e traballan mellor xuntas, ademais de dar máis cabida a un maior número de ximnastas para acceder á competición”, sostén. Todos estes éxitos acádanse a través dunha serie de valores que se promoven desde o Club Xirandela, aínda que Fernández sostén que “o máis importante é que as nosas nenas desfruten da rítmica e logo, dependendo dos niveis, imos intentando que teñan certo nivel para competir. Nós se vemos potencial non o freamos, e sempre que estean as familias e elas de acordo, nós tiramos ata o que se poida conseguir”. “O noso principal obxectivo é que sexan felices e desfruten da rítmica, pero tamén que noten os beneficios deste deporte, que son mellorar a postura corporal, estar máis activas, levar unha vida sau-

O PRESENTE E O FUTURO DO CLUB. Actualmente, o Club Xirandela convive con outros dous clubs de ximnasia rítmica na vila, así como con decenas de deportes e equipos que adestran en Sarria, que é “unha vila de moito deporte na que convivimos todos da maneira máis harmónica posible. Con todo, di, hai tanto deporte “que non cabemos nos tres pavillóns”, por iso, cre que unha das necesidades sería ter un outro pavillón “con máis altura principalmente para o noso deporte”. Iso tamén facilitaría a organización dos adestramentos, xa que co número de nenas que teñen, ás veces hai problemas coa organización dos horarios, pero, ante todo, “sabemos que desde o Concello faise o que se pode e agradecemos sempre a predisposición do Concello de Sarria, que sempre nos axuda a todo o que precisamos”.

Con respecto ao futuro, o máis inmediato e o que lles fai máis ilusión ás xirandelas é a masterclass da ximnasta Almudena Cid, que vén polo 25 aniversario. “Queríamos traela no campus de verán, pero non puido ser, entón seguimos a intentalo e conseguimos que o vindeiro día 23 de novembro, Sarria conte coa súa presenza e as nosas ximnastas vivan unha experiencia que estas seguras non se van esquecer. Para nós é un luxo, é o broche de ouro a un ano cheo de emocións, sorpresas e celebracións”.

Despois, comezarán a traballar de cara á tempada 2025 para competir nos campionatos provinciais e “intentaremos chegar aos autonómicos, estando presentes e representando a Sarria como o vimos facendo dende hai moito tempo”, desexa. E, como cada ano, organizarán o Torneo Vila de Sarria, que en 2025 sería a XXIV edición, e o Campus de Verán, que seguro traerá sorpresas coma cada ano que se realiza. “O máis importante, seguir como ata agora, vendo desfrutar ás nosas ximnastas do noso deporte, e sempre abertas a participar no que sexa, con tal de ver que gozan co que fan, e poder seguir cumprindo anos e transmitindo a ximnasia rítmica a moitas máis xeracións”.

Peluquería Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Setela, 183 Bajo 27600 Sarria (LUGO) 626 21 86 28

INFANTIL PRIMARIA ESO

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

O Mosteiro e a Capela de Santa María de Loio

Recentemente restaurada, a capela é o que queda dun antigo mosteiro que foi a orixe da Orde dos Cabaleiros de Santiago

O mosteiro de Santa María de Loio, localizado na parroquia de San Salvador das Cortes, en Paradela, foi un lugar moi relevante na historia do Camiño de Santiago. Actualmente, só queda unha capela, que ademais foi recentemente restaurada.

Preto do río Miño, a capela atópase próxima ás inmediacións da ruta PR-G 14 'Roteiro do Loio', que leva a descubrir lugares como fervenzas e regatos de Paradela. De construción moderna, xa que vén de ser renovada, conta cunha imaxe de Santiago que resume o que alí sucedeu, o nacemento da Orde dos Cabaleiros de Santiago, fundada para a protección dos peregrinos e do sepulcro do Apóstolo arredor dos séculos IX-X.

A orde militar de Santiago ten orixes confusas, tanto na súa faceta castrense como na santiaguista, pero o seu primeiro antecedente parece remontarse ao século IX, cando xorde en Santiago a Irmandade dos Cabaleiros Cambeadores, a orixe dos Cabaleiros de Santiago da Espada.

Cando o rei coñece que os peregrinos eran asaltados e roubados, manda "a Brandeso seu capelán mor que dos mais altos fillosdalgo dela e dos pobladores que nela estuviesen, juntasse ante o Apóstol doce que coydasen das moedas, oro e prata e outros haberes que viñan de longas terras, que traguían os Romeyros...". Estes cabaleiros eran os templarios de Galicia, que defendían os peregrinos e gardaban o sepulcro do Apóstolo Santiago.

O rei funda "una cofradía de la espada de este divino patrón (Santiago) en Galicia, señalando trece calificados caballeros en memoria de Cris-

to y sus doce Apóstoles...origen de la Orden Militar de Santiago... en la cual hubo 42 maestros hasta que la incorporaron a su real corona los Reyes Católicos", segundo Méndez Silva. Pero a creación da Orde en toda a súa plenitude do que significou na historia hai que situala no reinado de Fernando II. O profesor Amor Meilán recolle na súa Historia da provincia de Lugo, tomo IV, como foi a histórica asemblea que tivo lugar en Santa María de Cortes para a creación da Orde: "Unos cuantos nobles en linaje, insignes en sabiduría, fuertes en las armas y gloriosos en todo lo material, pero pobres en virtudes y viciosos...arrepentidos de su vida de disipación y escándalo, resolvieron sin abandonar las reglas de la caballería, a la cual pertenecían..., hacer vida común y someterse a una regla religiosa que fuese como norma de su conducta y designar entre ellos un Prefecto y otros dignatarios que los dirigiesen y guiasen".

Así, o intento dos cabaleiros acadou fortuna e a Orde conseguiu prestixio e a protección de reis, prelados e papas. O rei Don Fernando, en 1170, incorpora a Orde a este mosteiro. Unidos en irmandade os cabaleiros e os cóengos, acordan facer as constitucións da mesma, nas que se establece que é no mosteiro onde se celebrarían os capítulos xerais, e que á morte do Maestre e ata a elección doutro, o prior da casa rexería o maestrazgo e toda a Orde. En 1171 o arcebispo de Santiago nomea cóengo da súa igrexa ao Maestre e a todos os seus sucesores, entregándolle unha bandeira cunha cruz bordada en forma de espada. O Papa Alejandro III, por medio da bula do 5 de xullo de 1175, aproba

a constitución canónica da Orde, citando o mosteiro, o que demostra a gran importancia que alcanza para a milicia xacobeá. Porén, xorden antagonismos entre os santiaguistas, creándose dous bandos, discrepancias que se agudizan no momento de elixir Maestre. Fan causa común os de Galicia e León fronte aos de Castela. A elección de Fuencalada desgusta ao Conde de Sarria e isto foi seguramente o motivo de que se apartase da Orde, renunciado ao hábito e á encomenda que lle fora concedida, fundando así outra milicia. Coa morte daquel Maestre en 1184, volven as discordias entre os galaico leoneses e os casteláns, que vencen de novo, nomeando a don Fernando Díaz de Ávila, quen ao pouco tempo renuncia ao cargo e sucédelle o de Lemos.

Esta milicia tivo o seu lugar de enterramento para os cabaleiros de Galicia no lugar de Vilar de Doas, tal e como investigou o cura e escritor Elías Valiña Sampedro.



MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es